

**AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO**

## Grao en Veterinaria

- Datos da universidade e do título obxecto de seguimento
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - [Dimensión 1. A xestión do título](#)
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - [Dimensión 2. Recursos](#)
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - [Dimensión 3. Resultados](#)
    - [Criterio 6. Resultados de aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
  
- Plan de Melloras
  - Abertas Curso 2022-2023
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
      - [GrV-AM-01](#)
      - [GrV-AM-02](#)
      - [GrV-AM-07](#)
      - [GrV-AM-11](#)
    - Criterio 2 - Información e transparencia
    - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
      - [GrV-AM-09](#)
    - Criterio 4 - Recursos humanos
    - Criterio 5 - Recursos materiais
      - [GrV-AM-06](#)
      - [GrV-AM-10](#)
    - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
      - [GrV-AM-03](#)
    - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
    - Outros Criterios
  - Finalizadas Curso 2022-2023
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
      - [GrV-AM-04](#)
      - [GrV-AM-05](#)
      - [GrV-AM-23](#)
      - [GrV-AM-24](#)
      - [GrV-AM-25](#)
      - [GrV-AM-26](#)
      - [GrV-AM-27](#)
      - [GrV-AM-28](#)
      - [GrV-AM-29](#)
    - Criterio 2 - Información e transparencia

## Grao en Veterinaria

- Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
  - [GrV-AM-08](#)
- Criterio 4 - Recursos humanos
- Criterio 5 - Recursos materiais
  - [GrV-AM-12](#)
  - [GrV-AM-13](#)
  - [GrV-AM-14](#)
  - [GrV-AM-15](#)
  - [GrV-AM-16](#)
  - [GrV-AM-17](#)
  - [GrV-AM-18](#)
  - [GrV-AM-19](#)
  - [GrV-AM-20](#)
  - [GrV-AM-21](#)
  - [GrV-AM-22](#)
- Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
- Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
- Outros Criterios
- Abertas Curso 2023-2024
  - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
    - [GrV-AM-01](#)
    - [GrV-AM-05](#)
    - [GrV-AM-08](#)
  - Criterio 2 - Información e transparencia
    - [GrV-AM-02](#)
    - [GrV-AM-03](#)
  - Criterio 5 - Recursos materiais e servizos
    - [GrV-AM-04](#)
    - [GrV-AM-07](#)
  - Criterio 6 - Resultados de aprendizaxe
    - [GrV-AM-06](#)

## Grao en Veterinaria

1. DATOS DO TÍTULO	
Denominación do título	Grao en Veterinaria
Mencións/Especialidades	-
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-
Centro responsable	Facultade de Veterinaria
Centro/s onde se imparte	Facultade de Veterinaria
Rama de coñecemento	Ciencias da Saúde
Número de créditos	300
Profesión regulada	Si
Modalidade de impartición	Estudo presencial
Curso de implantación	2010/2011
Data acreditación ex ante (verificación)	30/06/2010
Data renovación acreditación	11/07/2017

# Grao en Veterinaria

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Dado que Veterinaria é unha profesión regulada, o perfil formativo do título debe rexerse por unha normativa específica que condiciona o plan de estudos. A Memoria do Grao en Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela foi elaborada segundo as indicacións da ORDE ECI/333/2008, do 13 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da Profesión Veterinaria, e obtivo a Verificación positiva do Ministerio de Educación o 2 de xullo de 2010 conforme se adecúa ás previsións do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, agora derogado polo Real Decreto 822/2021 de 8 de setembro, que require unha modificación para a asignación dun ámbito de coñecemento no canto de rama de coñecemento do grao que xa se solicitou no 2023-24. O Consello de Universidades a través da súa Comisión de Verificación e Acreditación renovou a acreditación do título universitario oficial de Graduado/a en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela durante o ano 2017 segundo a normativa vixente, a partir do informe favorable emitido pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Esta proposta adáptase plenamente ao disposto na Directiva Europea 2005/36/CE, trasposta á normativa española no RD 1837/2008, que regula os estudos de Veterinaria na contorna da Unión Europea, a cal esixe que os Plans de Estudo teñan unha duración mínima de 5 anos durante os que se cursen obrigatoriamente toda unha serie de materias dos tres perfís profesionais (Ciencias Clínicas e Sanidade Animal, Producción Animal, así como Hixiene, Tecnoloxía e Seguridade Alimentaria). Desde a implantación do título, a Directiva Europea 2005/36/CE foi levemente modificada por unha nova Directiva Europea 2013/55/UE, cuxo contido se traspuxo á lexislación española no RD 581/2017.

Por outra banda, as Facultades de Veterinaria en Europa poden someterse a un sistema de visitas e avaliacións periódicas levado a cabo pola EAEVE (European Association of Establishments for Veterinary Education) en coordinación coa FVE (Federation of Veterinarians of Europe), cuxo principal obxectivo é comprobar o cumprimento e a harmonización dos estándares descritos para a docencia veterinaria segundo a Directiva Europea 2005/36 e as súas modificacións. O sistema de avaliación e acreditación consiste en someter ás facultades asociadas a un rigoroso exame externo cada 7 anos, o cal determina se o centro reúne, ou non, os requisitos mínimos de calidade e se se adecúa, ou non, á Directiva 2005/36/CE e as súas modificacións. A Facultade de Veterinaria foi avaliada en setembro de 2018, acadando una avaliación positiva condicionada á corrección dunha deficiencia principal referente á "insuficiente práctica clínica nalgunhas especies animais especialmente equino e porcino e seguridade e calidade de alimentos de orixe porcino". A visita de re-avaliación, tras adiarase como consecuencia das medidas de prevención adoptadas ante a situación epidemiolóxica derivada da COVID-19, tivo lugar do 28 ao 29 de abril de 2021, acadándose a avaliación positiva definitiva. En marzo de 2025 terá lugar a visita para a renovación da acreditación na que se revisarán os resultados e indicadores derivados dos mesmos, correspondentes aos cursos 2021-22, 2022-23 e 2023-24. Os valores destes indicadores estanse a analizar anualmente como parte do proceso de seguimento do grao, e tomáronse medidas correctoras para acadar os mínimos requiridos de cara a esta acreditación, incluídas as modificacións do grao que se recollen no apartado de Modificacións do Plan de Estudos.

## Grao en Veterinaria

Cabe destacar que o Grao en Veterinaria da Facultade de Veterinaria da USC acadou o Selo de Grao de Excelencia concedido pola Xunta de Galicia, por resolución do 2 de abril de 2024 publicada no DOG do 9 de abril de 2024. Para este recoñecemento, presentáronse os datos de planificación, desenvolvemento e resultados do curso 2022-23.

En canto ao interese académico, científico e profesional, seguen vixentes as condicións que o avalan desde o momento do deseño e implantación do novo plan de estudos.

### Interese académico:

Un bo indicador do interese do Grao é a “Taxa de Preferencia da Titulación”, definido como a relación porcentual entre o número de estudantes que elixen un grao en primeira opción e o número de prazas ofertadas nese grao. Como se mostra na seguinte táboa, segundo os datos publicados polo Ministerio de Educación y Formación Profesional, o Nivel de Preferencia da Titulación no Grao de Veterinaria da USC (ver táboa), mantense moi elevado ao longo dos anos, con tan so pequenas variacións e, moi superior ao valor medio do total de titulacións da USC (264,1%). Fonte dato: [Indicadores de preinscripción por rama de enseñanza \(universidades.gob.es\)](https://indicadores.de.preinscripcion.por.rama.de.enseñanza.universidades.gob.es/)

Facultade de Veterinaria - Universidade de Santiago de Compostela			
Curso académico	Número de prazas ofertadas	Preinscritos en primeira opción	Taxa de preferencia da Titulación (Indicador de Demanda)
2018-19	110	553	502,73%
2019-20	110	512	465,50%
2020-21	110	730	663,60%
2021-22	110	642	583,6%
2022-23	110	677	615,5%

(fonte: [Preinscripcion\\_por\\_titulacion\\_2022.xlsx \(live.com\)](#))

No curso académico 2022-23, a “Taxa de Ocupación” (IN12G), definida como a relación porcentual entre a matrícula de novo ingreso por preinscripción (IN04G) e o número de prazas ofertadas (IN01G), alcanzou un valor moi próximo ao 100% (110 prazas ofertadas e 113 estudantes matriculados por preinscripción), indicando que o proceso de admisión esta a funcionar adecuadamente.

Curso académico	Número de prazas ofertadas (IN01G)	Matrícula (IN02G)	Matrícula de acceso (IN03G)	Matrícula de novo ingreso por preinscripción (IN04G)	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscripción (IN05G)	Taxa de ocupación (IN12G)
2018-19	110	690	122	114	0,00	103,64%
2019-20	110	679	115	108	- 5,26	98,18%
2020-21	110	667	117	111	2,78	100,91%
2021-22	110	648	123	113	1,80	102,73%
2022-23	110	656	120	113	-	102,73%

En canto á procedencia xeográfica do alumnado matriculado, como se mostra na seguinte táboa, os datos indican que a demanda para cursar o Grao en Veterinaria na USC supera amplamente o ámbito da Comunidade Autónoma (indicadores IN08G e IN09G). A porcentaxe de estudantes procedentes de fóra de Galicia supera o 50% do total do alumnado matriculado e mantense estable nos últimos cursos.

Curso académico	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Estudantes nacionais de fóra de Galicia (%) – (IN09G)	50,14	50,96	49,78	49,54	48,17
Estudantes estranxeiros (%) – (IN08G)	3,48	4,12	3,90	3,40	3,05
Estudantes de Galicia (%)	46,38	44,92	46,32	47,06	48,78

# Grao en Veterinaria

## Interese científico e profesional:

A vixencia do interese científico e profesional da titulación de Veterinaria está avalada polo documento marco da FVE acerca da estrutura profesional veterinaria (<https://www.fve.org/cms/wp-content/uploads/Regulating-of-the-veterinary-profession.pdf>), o recoñecemento por parte da Organización Mundial da Saúde (OMS) do Veterinario como profesional sanitario (<https://iris.who.int/bitstream/handle/10665/375868/WPR-2024-DSE-010-eng.pdf?sequence=1>), o recoñecemento que a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e Agricultura (FAO) fai do Veterinario como profesional agrario (<http://www.fao.org/home/es/>), así como a insistencia da Organización Mundial de Sanidade Animal (OIE) no fortalecemento dos servizos veterinarios oficiais (<http://www.oie.int/es/>).

De acordo con estes avais, o veterinario perfílase como un elemento clave no armazón sanitario e agrario de calquera sociedade, podendo desenvolver o seu traballo en diferentes niveis do sector público e privado.

En abril de 2015 a FVE publicou unha macroenquisa realizada por 13.000 veterinarios en 24 países da UE, que permite comparar os datos demográficos, o mercado de traballo e os indicadores financeiros da profesión veterinaria en Europa (<https://www.fve.org/publications/survey-of-the-veterinary-profession-in-europe>). Unha das conclusións finais recollida no sumario desta publicación, afirma que no futuro serán necesarios máis veterinarios nas áreas de benestar animal, control de enfermidades e medio ambiente, así como para cubrir as crecentes demandas dos propietarios de animais de compañía e animais exóticos.

En 2022, un comunicado conxunto da FVE e a CPME (Standing Committee of European Doctors) (<https://fve.org/publications/european-doctors-and-veterinarians-reaffirm-their-partnership-on-one-health/>), destaca a importancia da colaboración entre médicos e veterinarios fronte ás crecentes ameazas transfronteirizas, como a propagación de enfermidades zoonóticas infecciosas e o aumento da resistencia aos antibióticos, máxime coa recente aparición do Covid-19. A colaboración entre médicos e veterinarios é esencial para responder adecuadamente a estes desafíos globais.

## 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

## Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O plan de estudos do Grao en Veterinaria implantouse de acordo coa memoria do título verificada.

Durante o curso 2022-23, respectouse o indicado na memoria en canto ás competencias que deben adquirir os estudantes así como ao desenvolvemento das actividades académicas, ás metodoloxías docentes aplicadas e aos sistemas e criterios de avaliación. As guías docentes de cada unha das materias que conforman o plan de estudos foron publicadas na páxina web institucional do centro antes do inicio do período de matrícula. Nelas atópase recollida toda a información referente ás competencias, actividades formativas, metodoloxía e distribución temporal de tarefas, sistemas e criterios de avaliación, etc.

<https://www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias-saude/grao-veterinaria>

As guías docentes de todas as materias foron revisadas polos departamentos e a Comisión do Grao, antes de ser aprobadas en Xunta de Facultade e publicadas na páxina web, para asegurar que cumplan o establecido na memoria do título.

Cabe destacar que o desenvolvemento das actividades académicas vese afectado polo período de matrícula, especialmente en primeiro curso, xa que os estudantes que se incorporan tarde, non poden realizar algunhas das prácticas, afectando a varias materias. Cando é posible faise unha adaptación da actividade docente.

## Grao en Veterinaria

O tamaño dos grupos para as distintas actividades formativas realizadas durante o curso 2022-23 axustouse ao indicado na Planificación Académica Anual da Universidade; <https://www.usc.gal/gl/servizos/unidades/servizo-xestion-oferta-programacion-academica-sxopra>

Con todo, a realidade apártase dos valores medios e debe ser tida en consideración como contorna de traballo para cada curso académico. Así, as actividades interactivas reais no grao, e o tamaño dos grupos que vén establecido pola normativa de xestión académica que manexa o SXOPRA para toda a USC, é o seguinte:

- Prácticas de encerado: 80 alumnos/grupo
- Seminarios: 30 alumnos/grupo
- Titorías: 10 alumnos /grupo
- Prácticas de laboratorio, prácticas de campo e prácticas de ordenador: 20 alumnos /grupo, que se reduce a menos de 15 naquelas materias con suficiente capacidade docente mediante a creación de grupos de centro. Os grupos de centro non se reflicten no Plan Docente Anual inicial, pero si no Plan de Ordenación Docente.
- Prácticas clínicas non asistenciais e visitas activas: 10 alumnos /grupo
- Prácticas clínicas asistenciais: 7 alumnos/grupo.
- Prácticas externas e TFG: 1 alumno/a.

O indicador IN32G mostra información relativa ao tamaño medio dos grupos de docencia interactiva, observándose unha pequena tendencia á baixa do tamaño dos grupos dende o curso 18-19.

Media de estudantes por grupo de docencia interactiva- (IN32G)					
Curso académico	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grupos de seminario	30,89	28,27	26,46	26,47	27,93
Grupos de laboratorio	21,77	19,87	18,39	19,10	20,10
Grupos clínicos	10,23	9,43	9,00	9,10	8,78
TOTAL	16,35	14,94	13,97	14,19	14,16

Recentemente, revisouse o tamaño dos grupos nalgunhas prácticas dados os comentarios xurdidos nas valoracións semestrais referentes á seguridade e ao benestar animal en prácticas realizadas con animais. Isto levou a unha reconsideración dos tamaños dos grupos nas prácticas con riscos potenciais, e un axuste do número de estudantes por grupo, sempre que poidese ser asumido polo profesorado existente. O 2022-23 foi o primeiro curso impartido tras implementar esta mellora, como se pode apreciar na diminución do tamaño dos grupos clínicos e, polo de agora, parece que foi unha medida correctora satisfactoria.

### Participación do alumnado en programas de mobilidade

Ofértanse como destinos de mobilidade 9 facultades españolas e 16 europeas, ademais de destinos iberoamericanos con convenios bilaterais ([web do centro](#)). A proporción de alumnos propios que deciden participar en programas de mobilidade mantense respecto a anos anteriores exceptuando os cursos da pandemia. Datos internos do centro e do INF03 mostran que nese curso participaron 30 estudantes en programas de mobilidade, igual que no ano anterior: 15 no programa ERASMUS vs 18 no curso 2021-22, 15 no programa SICUE vs 11 no curso 2021-22 e ningún en convenios bilaterais. A porcentaxe de estudantes saíntes con respecto ao total de matriculados é de 4,57.

Mobilidade saínte	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Porcentaxe de estudantes saíntes respecto ao total (%)	4,11	4,06	-	2,25*	4,62*	4,57*

\* Calculado polo centro



## Grao en Veterinaria

### Participación no programa ERASMUS

<b>Alumnado propio</b>	<b>Destino</b>	<b>Alumnos/as</b>	<b>País</b>	<b>Prazas ofertadas</b>
	Eesti Maaülikool	2	Estonia	2
	Universidade Lusófona de Humanidades e Tecnoloxías	1	Portugal	2
	Università Degli Studi di Perugia	1	Italia	2
	Università Degli Studi di Torino	1	Italia	2
	Università di Bologna-Alma Mater Studiorum	2	Italia	2
	Universitatea de Stiinte Agricole si Medicina Veterinara a Banatului din Timisoara	2	Rumanía	2
	Univerzita Veterinárskeho Lekárstva a Farmácie v Kosciach	1	Eslovaquia	2
	Uniwersytet Przyrodniczy w Lublinie	1	Polonia	2
	Uniwersytet Przyroniczy We Wroclawiu	4	Polonia	4
<b>Alumnado alleo</b>	<b>Orixe</b>	<b>Alumnos/as</b>	<b>País</b>	<b>Prazas ofertadas</b>
	Università Degli Studi di Messina	1	Italia	2
	Universidade de Évora	1	Portugal	3

### Participación no programa SICUE:

<b>Alumnos propios</b>	<b>Universidade de destino</b>	<b>Alumnos/as</b>	<b>Plazas ofertadas</b>
	Universidade Autónoma de Barcelona	2	2
	Universidade Cardenal Herrera-CEU	1	2
	Universidade Católica de Valencia San Vicente Mártir	1	2
	Universidade Complutense de Madrid	1	2
	Universidade de Córdoba	2	2
	Universidade de Extremadura	2	2
	Universidade de Las Palmas de Gran Canaria	1	1
	Universidade de Murcia	2	2
	Universidade de León	2	2
	Universidade de Zaragoza	1	2
<b>Alumnos alleos</b>	<b>Universidade de orixe</b>	<b>Alumnos/as</b>	<b>Plazas ofertadas</b>
	Universidade de León	2	2
	Universidade Complutense de Madrid	1	2
	Universidade de Córdoba	2	2
	Universidade Católica de Valencia San Vicente Mártir	2	2

### Participación de alumnado propio no programa bilateral:

<b>Alumnos alleos</b>	<b>UNIVERSIDADE DE ORIXE</b>	<b>País</b>	<b>Alumnos/as</b>
	Universidade de Sonora	1	México
	Pontificia Universidade Católica de Minas Gerais (PUCMINAS)	1	Brasil
	Universidade do Estado de Santa Catarina (UDESC)	1	Brasil
	Universidade Federal do Recôncavo da Bahia	1	Brasil

## Grao en Veterinaria

	Universidade Federal Fluminense (UFF)	1	Brasil
	Universidade Austral de Chile	1	Chile

No caso dos alumnos alleos que nos visitan, a porcentaxe mantense como en anos precedentes (IN18G):

IN18G	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Total (%)	2,61	3,09	1,95	3,40	2,44

A enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes coa mobilidade (INF04) dá un valor global de 4,35 sobre 5 (participación do 27,78% dos convidados).

Cabe aquí considerar as mesmas razóns expostas nos informes anteriores, que consideramos poden axudar a entender estas porcentaxes de mobilidade; lamentablemente son situacións de tipo estrutural, polo que non resulta fácil artellar solucións a curto ou medio prazo para intentar variar a tendencia:

- Falta de homoxeneidade dos plans de estudo, especialmente nos cursos superiores, que fai difícil o recoñecemento de estudos.
- Os requisitos para participar nos programas de mobilidade (esencialmente o nº de ECTS cursados á hora de facer a solicitude) reducen as posibilidades de realizar unha estancia, precisamente aos estudantes nos últimos anos do título.
- Falta de axudas económicas suficientes, ou total ausencia en función do programa de que se trate.
- Imposibilidade de establecer convenios -por saturación en destino- con universidades do mundo anglosaxón onde o nivel de competencia profesional é máis atractivo para os aspirantes a facer mobilidade.
- Ausencia de materias impartidas en inglés no noso título, o que favorecería a chegada de estudantes da contorna Erasmus. Esta situación é unha constante nas consultas recibidas cada ano procedentes de estudantes maioritariamente da UE, pero tamén do norte de África, e mesmo o sueste asiático.

Para facilitar o intercambio de estudantes con outras facultades de España estase a facer unha revisión das táboas de recoñecemento de créditos elaboradas pola conferencia de decanos ([GrV-AM-07, 2022-2023](#)) que axude a racionalizar as decisións relativas a acordos de intercambio para a situación individual de cada estudante.

A pesar destes datos xerais, cómpre ter en conta que, se consideramos os cursos medios, os estudantes que figuran como alumnos en mobilidade nalgunhas materias supera o 10%, o que se pode apreciar nas listaxes de alumnos/alumnas de algunhas materias de 4º curso dispoñibles na secretaría virtual, como se discutiu durante a elaboración deste informe pola Comisión de Título.

Decidiuse retirar un destino da proposta de destinos Erasmus para o curso académico 2023-24, ao considerar que non se adaptaba aos estándares de calidade para a formación dos nosos estudantes.

**Información básica sobre mobilidade e ligazóns ao contido de cada programa na web do Centro:**

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/mobilidade>

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

# Grao en Veterinaria

## Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

### **Coordinación da actividade semestral e coordinación vertical**

Durante o curso 2022-23, en consonancia co contemplado na prorroga do Plan Estratéxico do Centro 2014-18, continuouse a traballar na mellora da coordinación-horizantal (como se recolle nos informes de valoración semestral dispoñibles na AASX), e vertical, (evidenciado no seguimento das accións de mellora GrV-AM-09 (2020-2021), GrV-AM-01 (2021-2022), GrV-AM-03 (2021-2022) e GrV-AM-01 (2022-2023) na AASX, nas Memorias de Calidade e en previos informes de seguimento do título), tanto no referente aos contidos e a súa secuenciación temporal, como á distribución das competencias do grao entre as diferentes materias. Dado que para o curso 2024-25 cómpre ter un sistema de avaliación de competencias a día un para a acreditación da EAEVE, no curso 2023-24 estase a elaborar un mapa de competencias a día un de todo o Grao ([GrV-AM-01, Curso 2022-2023](#)) que facilitará a tarefa de mellorar a coordinación horizontal e vertical nos cursos seguintes. Unha vez identificadas todas as materias nas que se traballa unha determinada competencia, realízanse reunións para detallar os contidos, actividades e resultados de aprendizaxe, e establecer puntos de control nos que se avalie a progresión na consecución da mesma.

Por outra parte, celebráronse reunións de coordinación nos semestres para axustar a carga de traballo dos estudantes, as datas de entrega de tarefas, e coordinar outras actividades non presenciais de avaliación continua, como elaboración de memorias de prácticas.

Nas reunións de valoración semestral valórase o solapamento de contidos; de existir, propóñense medidas correctoras. A Comisión de Grao revisou as cuestións de coordinación expostas nestas sesións e estableceu accións para arranxalas (Acta da sesión ordinaria do 18 de abril do 2024).

### **Coordinación das Prácticas Tuteladas (Prácticas externas curriculares obrigatorias)**

Desde o curso 2014-15 existen coordinadores específicos para as materias de prácticas tuteladas, do mesmo xeito que ocorre con calquera outra materia do plan de estudos. Ademais, o centro conta co Comité de Prácticas Tuteladas e Externas dende decembro de 2019, como se recolle no Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro, que é fundamental para a coordinación destas materias. A pesar do seu carácter multidisciplinar, son materias moi diferentes do resto, nas que a figura do coordinador é clave para resolver todas as cuestións relativas ao desenvolvemento de cada quenda de estancias, levar a cabo a interlocución cos titores profesionais e académicos, e harmonizar os criterios na valoración das memorias sobre o traballo realizado que o estudantado debe entregar .

Os estudantes teñen dispoñible na intranet do centro unha listaxe de destinos con todas as institucións (máis de 360) coas que hai convenios vixentes (E20) para estas prácticas, onde figura unha descrición breve da actividade, que axuda aos estudantes a seleccionar o destino. Aínda así, os estudantes poden propoñer destinos adicionais nos que realizar as prácticas despois da formalización dun convenio.

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/practicas>

### **Coordinación das Prácticas Externas (Prácticas externas curriculares optativas)**

Ao amparo do Real decreto 592/2014 existe a posibilidade de realizar prácticas externas optativas coordinadas polo Vicedecanato de Prácticas externas. Toda a normativa que as regula pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/practicas>

Como se mostra na seguinte táboa, todo o alumnado egresado no curso 2022-23 realizou prácticas en empresas e institucións ao longo dos seus estudos acollidos a convenios coa USC (IN22G).

<b>Porcentaxe de estudantes egresados que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (IN22G)</b>				
<b>2018-19</b>	<b>2019-20</b>	<b>2020-21</b>	<b>2021-22</b>	<b>2022-23</b>
100%	97,3%	99,15%	96,74%	100%

### **Coordinación da materia Traballo Fin de Grao**

O Título conta cunha comisión específica que se encarga de organizar e coordinar toda a actividade relacionada con esta materia. <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/tfg>

## Grao en Veterinaria

Co fin de mellorar a inserción dos nosos estudantes no mercado de traballo, continuase co programa de paquetes formativos Estancias-TFGs, implantado no curso 2020-21. Nesta modalidade, o estudante pode realizar a maioría dos 30 créditos que supoñen as prácticas tuteladas e o TFG nunha mesma empresa, o proporcionalle máis tempo para coñecer o traballo da empresa en cuestión e, á empresa, unha fonte de información valiosa para futuras ofertas de emprego. No curso 22-23 ofertáronse 10 destinos para paquetes formativos ([oferta de TFGs 2022-2023](#) na intranet da USC ou anexo "Propostas TFG 2022-23", que se inclúe como información anexa), dos cales 6 foron seleccionados polos estudantes. Este programa contou tamén co apoio do Campus Terra en forma de axudas económicas aos estudantes e coa oferta, por parte dalgúns empresas, de facilidades para o aloxamento durante a estancia.

### **Coordinación das prácticas externas extracurriculares**

Os estudantes teñen a opción de facer prácticas voluntarias ao longo de todo o curso unha vez que teñen superados 90 créditos. Estas prácticas non forman parte do plan de estudos, pero figuran no expediente académico e no suplemento europeo ao título. No curso 2022-23 realizáronse dúas convocatorias por parte do Consello Social, unha no mes de febreiro e outra no mes de setembro, e outra convocatoria aberta na que o estudantado pode propoñer novos convenios. A xestión administrativa das mesmas realízase a través do consello social, co apoio da unidade administrativa da facultade. A coordinadora da materia, e titora académica dos estudantes, é a vicedecana responsable de prácticas externas.

### **1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os criterios de admisión de estudantes para o acceso ao ensino superior non son competencia do Centro pois están definidos pola Orde do 24 de marzo de 2011 que regula as probas de acceso aos ensinos oficiais de grao, e por o proceso de admisión ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (DOG nº66 do 24 de abril de 2011), dado que estas competencias están transferidas ás comunidades autónomas.

O proceso na nosa Comunidade está regulado pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG - <http://ciug.gal/>) que aplica os criterios de adecuación e ponderación das diferentes modalidades de acceso ao perfil dos diferentes graos; estes criterios axústanse perfectamente aos requisitos e perfil de acceso que describe a memoria do noso título.

Os valores dos indicadores da nota media de acceso por preinscripción (IN06G), e a porcentaxe de estudantes que acceden ao grao con puntuación igual ou superior a seis (IN07G), no curso 2022-23, foron de **11,88 e 100%** respectivamente, e reflicten o adecuado nivel formativo do alumnado que accede aos estudos do Grao en Veterinaria.

<b>Nota media de acceso por preinscripción (IN06G)</b>				
<b>2018-19</b>	<b>2019-20</b>	<b>2020-21</b>	<b>2021-22</b>	<b>2022-23</b>
11,04	11,11	11,82	12,03	11,88

Sinalar que durante o curso 2022-23 o número de estudantes procedentes de estudos de Formación Profesional incrementouse considerablemente con respecto ao curso anterior, tal como se reflicte no **IN04G**-Matricula de novo ingreso por preinscripción (INF CIUG):

## Grao en Veterinaria

<b>IN04G. Matrícula de novo ingreso</b>	<b>2018-19</b>	<b>2019-20</b>	<b>2020-21</b>	<b>2021-22</b>	<b>2022-23</b>
Adaptación desde plans en extinción	3	0	0	0	0
Continuación de estudos (traslado)	0	3	4	0	0
<b>Formación Profesional</b>	<b>21</b>	<b>22</b>	<b>31</b>	<b>20</b>	<b>34</b>
Maiores de 25 anos	2	1	2	0	2
PAAU	92	85	76	88	77
Titulados	1	2	2	2	1
Validación parcial de estudos estranxeiros	3	2	2	0	0
Deportes				1	2
Diversidade funcional				2	0

Ademais, obsérvase un claro perfil vocacional no alumnado que accedeu ao grao, posto que unha gran maioría elixiu estes estudos en primeira opción. A relación porcentual de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados sobre o nº de prazas ofertadas (IN10G) foi de 91,82% no curso 2022-23, valor que se mantén moi elevado ao longo do tempo, reforzando a idea do gran interese dos futuros universitarios por cursar estes estudos na nosa Facultade.

<b>Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (IN10G)</b>				
<b>2018-19</b>	<b>2019-20</b>	<b>2020-21</b>	<b>2021-22</b>	<b>2022-23</b>
93,64%	90,00%	95,45%	95,45%	91,82

Outro aspecto que reflicte a coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título, é a baixa taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G) que acadou un valor de 7,79%, semellante ao dos cursos anteriores. O valor da taxa de abandono é significativamente menor que o valor medio deste parámetro no conxunto das titulacións da USC (15,05%). Por outra banda, a taxa de abandono final definida polo RD 1393/2007 (IN41G) baixa tamén con respecto ao curso anterior, e está por debaixo dos valores medios da USC (20,63%).

<b>Taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G)</b>	<b>2018-19</b>	<b>2019-20</b>	<b>2020-21</b>	<b>2021-22</b>	<b>2022-23</b>
Porcentaxe entre o estudantado de unha cohorte de novo ingreso que non se matricularon no título nos cursos X+1 e X+2, e o núm. total de estudantes da cohorte que accederon ao título no curso X	0,00%	7,14%	8,43%	2,41%	7,79%

<b>Taxa de abandono RD 1393/2007 (IN41G)</b>	<b>2018-19</b>	<b>2019-20</b>	<b>2020-21</b>	<b>2021-22</b>	<b>2022-23</b>
Porcentaxe entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título o ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior	13,86%	13,73%	10,47%	5,26%	9,52%

En relación coas taxas de abandono hai que ter en conta ademais que, como se comentou previamente, cada ano, aproximadamente o 50% do alumnado de novo ingreso procede de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, e constatouse que un certo número ao longo dos seus estudos trasladan o seu expediente a facultades máis próximas ao seu lugar de orixe, o que incrementa as taxas de abandono, a pesar de que o estudante mantén o seu vínculo co título escollido, o que reflicte a coherencia do perfil de ingreso establecido na amemoria.

Finalmente, sinalar que se detectou unha demanda de profesionais veterinarios no sector de produción animal que non está cuberta actualmente, posiblemente polo perfil profesional que escollen os egresados. Neste sentido, en conxunción coas accións de orientación profesional durante a titulación, cómpre facer unha análise das preferencias laborais dos novos estudantes, de xeito que podamos instaurar accións para fomentar a captación dunha porcentaxe de estudantes interesados no sector produtivo, e facer un seguimento do éxito desas accións. Nesta liña de acción, no curso 2022-23, aplicouse aos

## Grao en Veterinaria

estudantes de novo ingreso unha enquisa deseñada como acción de mellora no curso anterior, para recoller as preferencias de ámbito de traballo dentro da profesión veterinaria, entre outra información (GrV-AM-18, curso 2021-22). Os resultados desta enquisa mostran unha clara preferencia pola clínica de animais de compañía e parques zoolóxicos, acuarios ou similares; as industrias agroalimentarias son a saída profesional menos escollida (ver táboa). O vídeo de presentación do título para o programa A Ponte (elaborado como unha acción de mellora do curso 2020-21, e actualizado como acción de mellora [GrV-AM-03, 2023-2024](#)) pode contribuír a visibilizar o papel do veterinario nas producións, o que se complementa con visitas a centros de Formación Profesional relacionados co mundo gandeiro e institutos de educación secundaria, para espertar o interese. Aínda con estas medidas realizadas neses últimos cursos, é evidente que debemos reforzar a visibilización doutras saídas laborais da profesión tanto para posibles futuros estudantes como para a sociedade en xeral, polo que se propón estimular a colaboración do noso profesorado na impartición de charlas temáticas no programa A Ponte, enfocadas a falar sobre saídas profesionais.

<b>Resultados sobre preferencias profesionais da enquisa propia de perfil de ingreso</b> (ordenados por preferencia, número de enquisas: 108).	
Orientación profesional que che gustaría levar a cabo tras estudar o Grao en Veterinaria (escoller cales)	
Parques zoolóxicos, acuarios, reservas de animais, centros de rescate .....	69
Clínica veterinaria de animais de compañía (cans, gatos)	65
Clínica veterinaria de animais exóticos	53
Clínica veterinaria de animais de produción	34
Produción animal (granxas, cooperativas, .....	28
Investigación e/ou educación	25
Funcionario da administración (saúde pública, seguridade alimentaria,...)	14
Biodiversidade e medio ambiente	11
Outras	7
Industrias agroalimentarias (matadoiros, industrias lácteas, fábricas de penso, ...)	5

### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante o curso 2022-23, aplicáronse todas as normativas segundo o establecido, o que permitiu resolver as diferentes cuestións expostas polo alumnado sen que houbo incidencias destacables. Os estudantes teñen acceso a través da páxina web da Universidade, e a do propio Centro, a toda a normativa, e reciben información máis específica daquelas que consideramos fundamentais e que son as normativas de Prácticas Externas e Traballo Fin de Grao.

A normativa que rexe as materias do décimo semestre, momento en que os estudantes deben realizar as prácticas tuteladas externas (Rotatorio Clínico Hospitalario, Estancias Clínicas e Estancias non Clínicas), é a máis restrictiva en canto aos requisitos no número de créditos superados necesarios para poder matricularse nelas, e a incompatibilidade de cursar simultaneamente outra materia en primeira matrícula dado que se consideran "materias a tempo completo". Debido a estas restricións para matricularse das materias do décimo semestre, e para evitar o posible atranco que estas normas poderían supoñer para a adecuada progresión dos estudantes, se implantou a inclusión no noso grao dun décimo primeiro semestre cuxo contido é exactamente igual ao décimo. Desta forma, aqueles estudantes que, por diversas circunstancias, non podan completar, nos exames de xuño-xullo, a totalidade dos créditos mínimos superados necesarios para matricularse destas materias no ano que lles corresponde; así, no curso seguinte poden matricularse e cursar as materias do décimo semestre da titulación no período de setembro a decembro, como un décimo primeiro semestre, o que lles permite graduarse sen ter que consumir todo un curso académico adicional.

## Grao en Veterinaria

A tramitación das solicitudes de recoñecementos non é un procedemento académico que se xestione de inicio a fin na Facultade de Veterinaria. No organigrama da Facultade de Veterinaria non existe unha Comisión de Validacións, sendo a Xunta de Facultade ou, no seu caso, a Comisión Permanente, quen asume esta competencia. Así pois, as solicitudes recibidas no Centro remítense aos coordinadores das materias obxecto de recoñecemento, que son os responsables de emitir un informe motivado; este é vinculante para a decisión que se tome. De existir antecedentes, para solicitudes sucesivas aplícase o mesmo criterio das informadas previamente. Para o alumnado procedente de Facultades de Veterinaria de España empréganse as táboas de equivalencia entre Graos de Veterinaria elaboradas pola Conferencia de Decanos, que se están a actualizar na [GrV-AM-07 \(curso 2022-2023\)](#).

No curso 2022-23 tramitáronse os expedientes de recoñecemento de estudos de 21 estudantes:

- 10 estudantes procedentes do Grao en Veterinaria iniciado noutras facultades de España
- 1 estudante procedente doutros Graos da USC
- 9 estudantes procedentes doutros Graos iniciados en facultades fóra da USC
- 1 estudante procedente dunha titulación iniciada nunha Universidade estranxeira

---

### Accións de mellora e puntos a destacar

Acción de mellora: Dentro das accións de mellora iniciadas o curso anterior, como resultado da acción [GrV-AM-01 \(Curso 2022-2023\)](#) comezou a elaboración dun mapa de competencias a día 1 que identifica as materias implicadas na consecución de cada competencia. É preciso continuar traballando na estrutura deste mapa para identificar puntos de avaliación e iniciar a posta en marcha dun sistema que permita o seguimento individualizado da consecución dos resultados de aprendizaxe que compoñen unha competencia ([GrV-AM-03, Curso 2022-2023](#)).

Acción de mellora: Tamén continúa a acción iniciada o curso anterior relativa á mellora da descrición dos plans de traballo no centro de destino, nos acordos das materias de estancias, específico para cada estancia ([GrV-AM-02, 2022-2023](#), finalización proposta para decembro de 2024).

Acción de mellora: É recomendable promover a participación do profesorado nas charlas temáticas do Programa A Ponte cunha orientación a facer visíbeis as saídas profesionais diversas dos veterinarios ([GrV-AM-01, 2023-2024](#)).

Acción de mellora: Considérase necesario reforzar e optimizar o programa de paquetes formativos Estancias-TFGs que ten como finalidade fomentar a formación práctica do alumnado de veterinaria no seu último curso naquelas áreas estratéxicas (itinerarios) que teñen maior oferta laboral, e que presentan dificultades para a contratación de persoal cualificado ([GrV-AM-08, 2023-24](#)). Preténdense reforzar as relacións coas entidades colaboradoras (empresas, cooperativas, centros, asociacións, administracións...) e conseguir unha maior implicación destas no deseño das actividades formativas, do seu seguimento, e da súa avaliación.

Puntos a destacar: Nas reunións de valoración semestrais novamente se indica que o período de matrícula interfere coa organización da docencia, especialmente no primeiro semestre, provocando unha sobrecarga de traballo aos estudantes e profesorado. Tamén se destaca o incumprimento de horarios, concretamente porque as clases, ás veces se prolongan máis tempo do programado, polo que se instalou un timbre para marcar os cambios en clases expositivas

# Grao en Veterinaria

## **DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

### **CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:**

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución pública, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A difusión da información entre os grupos de interese é un tema de enorme importancia na xestión do título, e para iso dispónse de varias canles fundamentais de comunicación.

A páxina [web do centro](#), que está incluída nunha páxina web de centros e departamentos da USC, permite manter actualizada, e accesible para os distintos grupos de interese, a información pública relativa ao grao, incluíndo a información mínima pública, entre outras. A información que figura na páxina web é coherente coa memoria verificada do título. Desde esta páxina dáse acceso á intranet institucional do centro a aquelas persoas vinculadas á USC. Na páxina do centro pódense consultar, por exemplo:

- As características do título de Grao en Veterinaria.
- O Sistema de Garantía Interna de Calidade (Manual do SGC, Manual de Procesos, Memoria de Calidade, Informes de Seguimento, Plan Estratéxico Programación Plurianual).
- A organización académica (calendarios de exames, horarios de clases, prácticas externas e tuteladas, traballo fin de grao, campus virtual).
- As infraestruturas e servizos.
- O Plan de autoprotección e prevención de riscos.
- A organización da facultade.
- Caixas de incidencias, preguntas, suxestións e reclamacións.

Ademais, calquera novidade se insire no taboleiro de anuncios: convocatorias de prácticas e mobilidade, cursos e xornadas, etc. As ofertas de traballo publícanse na páxina web do [Servicio de Orientación Laboral e Emprego](#) da USC.

Hai pantallas informativas nos pavillóns central e de aulas. As novidades máis destacadas ao longo do curso comunícanse por medio da conta do centro na rede social Instagram. Nas reunións celebradas cos representantes e delegados de estudantes sinalaron que a conta do centro debería revisarse para facilitar a consulta das novidades publicadas polos seguidores. Tamén hai que destacar que o vídeo de difusión do grao, destinado principalmente ao programa A Ponte, necesita actualización, xa que non inclúe algúns cambios relevantes relacionados coa docencia, para manter o atractivo da nosa titulación e dala a coñecer á sociedade, e para garantir a difusión da calidade deste centro.

Como sucedeu desde o curso 2019-20, non hai información con respecto á satisfacción dos egresados coa información dispoñible (IN23G), nin tampouco no INF09, para o curso 2022-23.

#### **Accións de mellora e puntos a destacar**

**Acción de mellora:** Revisar a estratexia de comunicación da conta de Instagram da Facultade de Veterinaria co apoio dos



## Grao en Veterinaria

estudiantes para acadar un modelo mellor adaptado ao noso alumnado e grupos de interese ([GrV-AM-02, 2023-2024](#)).

Acción de mellora: Actualizar o vídeo de presentación do Grao en Veterinaria da USC ([GrV-AM-03, 2023-2024](#)).

## **DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

### **CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:**

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Na web da Facultade, no apartado de calidade (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/calidade>) pódese consultar toda a información relativa ao SGC e ao seu desenvolvemento, que inclúe o acceso a toda a estrutura e documentación do SGC: manual do SGC, manual de procesos do centro, política de calidade, prórroga do plan estratéxico, memorias de calidade, informes de seguimento, plans de mellora, así como ás actas das reunións da Comisión de Calidade do Centro e da Comisión do Grao en Veterinaria.

Cabe resaltar en relación co SGC do centro que desde o curso 2017-18 a Comisión de Calidade asumira as funcións de comisión de título para o Grao en Veterinaria, por ser a única titulación adscrita ao centro nese curso, sen embargo coa implantación dun Máster no curso 2018-19 retomouse a creación dunha comisión de título para o grao, obxectivo que se materializou no curso 2021-22, dispoñendo a partir de decembro de 2021 dunha Comisión de Título do Grao en Veterinaria separada da Comisión de Calidade, o que facilita o traballo e análise de todo o relativo ao título en cuestión.

En canto aos procedementos que permiten recoller a información, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, no manual de procesos do centro, adaptado ao novo SGC marco da USC, aprobado en 2018, recóllense os 13 procesos polos que se establecen as canles de participación dos axentes implicados (alumnado, persoal docente e investigador, e persoal de administración e servizos), as bases para a recollida e análise da información, así como as medidas para o seguimento, revisión e mellora do proceso. Recentemente, durante o curso 2021-22, modificáronse os procesos *PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación*, e o *PS-04, Satisfacción, expectativas e necesidades*, que afectan aos procedementos de recollida de información, sendo aprobados pola CCPdCG o 27/01/2022.

Para a recollida de información de satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese dispoñemos de diferentes indicadores e informes proporcionados polos servizos centrais da universidade correspondentes ao Sistema de Garantía de Calidade que recollen información sobre os aspectos relevantes, como a docencia, as titulacións, servizos, mobilidade, etc.

Cómpre seguir a destacar o problema que persiste ano tras ano, que é a baixa participación nas enquisas de valoración. Desde o centro, dentro das actividades de calidade, continuase a intentar aumentar a participación nas enquisas de satisfacción distribuídas pola ACMP a través de correos aos distintos grupos de interese con información sobre a utilidade e as datas das enquisas; así mesmo, fixéronse pequenas charlas informativas para animar aos estudantes a participar nestas enquisas (sesión de benvida do alumnado de novo ingreso, reunión cos/as delegados/as de curso e

## Grao en Veterinaria

representantes do estudiantado na xunta de facultade), e difundíuse o período de enquisas de satisfacción para os distintos colectivos, a través das pantallas informativas e da conta de Instagram da facultade. Así mesmo, solicítase aos delegados/representantes que animen aos compañeiros a participar nas enquisas de satisfacción, a través dos grupos de *watsapp*. Tamén se anima ao profesorado a reservar uns minutos para a resposta de enquisas durante a clase.

Sen embargo, a tenor dos datos recibidos, constatouse que non se conseguiu mellorar esta participación (24,12% vs 30,48% no curso 2021-22) por parte dos estudantes. Se ben, a taxa de resposta na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF. 14), mostra unha tendencia á alza, con valores do 60,43%, o que mellora os do curso 2021-22 (54,26%), 2020-21 (48,87%) e 2019-20 (45,99%). Pola contra, continúa a ser un problema a escasa participación dos egresados nas enquisas de satisfacción (6 enquisas segundo o INF. 09) e a do alumnado saínte dos programas de mobilidade, aínda que mellorou lixeiramente, 10 enquisas cubertas de 36 convidados (27,8%) vs 1 soa enquisa cuberta de 39 convidados no curso 2021-22.

A información recibida desde a ACMP complementase coa información obtida nas reunións de valoración de semestre. O centro dispón dun protocolo propio ([Reunións de valoración de semestre](#)) coordinado polo Vicedecanato de Ordenación Académica e Estudantes, para valorar o nivel de satisfacción do alumnado e do profesorado coa actividade docente no Grao en Veterinaria. Para isto, elabóranse unhas enquisas (Evidencia E5: Acta sesión Comisión de Título do 30/09/2022) a través das cales se intenta recoller, de forma organizada, a opinión do alumnado en canto a aspectos concretos da docencia recibida, así como a opinión dos profesores sobre o desenvolvemento do semestre; a información recollida a través dos delegados de curso e dos coordinadores de semestre, analízase nestas reunións de valoración de semestre, nas que participan delegados de curso e coordinadores das materias do semestre.

O centro tamén empezou a deseñar unha serie de enquisas e informes, así como indicadores propios, para recoller dun xeito máis específico a información dos grupos de interese, coa idea de ilos incluíndo dentro do SGC. Entre estes, dispónse xa para a súa análise, desde o curso 2021-22, dun informe anual sobre as actividades do Laboratorio de Habilidades Clínicas (LHC) e o nivel de satisfacción do alumnado co LHC. Tamén se dispón desde este curso 2022-23 de enquisas de satisfacción sobre a docencia nas prácticas tuteladas do Rotatorio Clínico Hospitalario.

Outra enquisa posta en funcionamento no curso 2022-23 foi a da análise do perfil de ingreso (Evidencia E5: Acta sesión Comisión de Título do 30/09/2022), dirixida a estudantes de primeiro curso de grao. Esta enquisa está orientada a coñecer a súa procedencia (rural, urbana...) e orientación laboral dentro das saídas profesionais do grao. O seu obxectivo é analizar as preferencias iniciais dos nosos estudantes e emprender, no futuro, accións que axuden a captar alumnado con determinados intereses ou espertar novas inquietudes a medida que os estudantes progresan no título, para ofrecer á sociedade egresados orientados a campos da profesión con maiores necesidades de contratación de veterinarios.

Os resultados destas enquisas atópanse dispoñibles para os grupos de interese na intranet da páxina web do centro dentro do apartado de calidade, na carpeta de ["Enquisas e indicadores propios do centro"](#).

Outros datos que se incorporan dentro do proceso de medición e análise dos resultados, desde o curso 2021-22, son os indicadores da acreditación europea do centro polo European System of Evaluation of Veterinary Training, ESEVT, levado a cabo pola axencia European Association of Establishments for Veterinary Education, EAEVE, membro de ENQA. O proceso de recollida de datos e elaboración dos indicadores do curso 2021-22 comezou demasiado tarde e moitos indicadores non estaban dispoñibles no momento de comezar o traballo de elaboración do informe de seguimento, polo que se protocolizou a temporalidade e o procedemento para proporcionar estes indicadores con tempo suficiente para a súa revisión de cara á elaboración do informe de seguimento. Dado que este ano tamén se completou a chegada destes datos para o seguimento con certo retraso, é necesario revisar a temporalidade do comezo do proceso no noso protocolo interno, probablemente a inicios de setembro.

Dentro do proceso PC-05, a Comisión de Título analiza a información e resultados proporcionados pola ACMP, xunto cos informes obtidos das reunións de valoración de semestre e as enquisas e indicadores propios do centro, e elabora o autoinforme de seguimento, de onde saen posibles accións de mellora que son posteriormente recollidas na Memoria de Calidade do centro. Toda esta información está dispoñible na páxina web (<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-veterinaria/calidad/documentacion-sgc>).

Unha vez constituída a Comisión de Título para o Grao en Veterinaria, é esta comisión a que leva a cabo o seguimento

## Grao en Veterinaria

do desenvolvemento e mellora do título, a través dos procesos claves recollidos no Manual de procesos do centro. A maiores, a Comisión de Calidade, coa información recibida da Comisión de Título, revisa o bo funcionamento destes procesos. Todos os procedementos desenvolvéronse consonte ao establecido no SGC e as normas correspondentes; as reunións levadas a cabo polas Comisións, os puntos tratados nas reunións, e a síntese das conclusións e dos acordos tomados están dispoñibles na páxina web, no [apartado de calidade](#), onde se atopan as actas das reunións de ambas comisións.

### Procedemento de suxestións e reclamacións

Para os mecanismos de recollida de información relativa a queixas, reclamacións e suxestións, contamos cos formularios implementados na páxina web da facultade, e co servizo que proporciona de xeito centralizado a Oficina de Análise de Reclamacións (OAR).

De acordo co establecido no manual do SGC, proceso PS-05, na [páxina web da facultade](#) existe un formulario (Queixas e suxestións) para que os usuarios (calquera membro da USC) poidan facer chegar calquera tipo de suxestión ou reclamación.

Se esta queixa ou suxestión excede o ámbito de resolución do centro, derívase ao servizo que corresponda. Reciprocamente, as incidencias recibidas pola Oficina de Análise de Reclamacións da USC (OAR) que afectan aos aspectos que xestiona a facultade, fanse chegar e tramítanse como corresponda.

Durante o curso 2022-23 só se recibiu no centro unha suxestión, a cal descríbese na seguinte táboa, na que se recolle tamén a temática e a resolución da mesma:

Código/ Data	Tipo	Área involucrada	Estado	Motivo	Resultado
FV_2022_11 17/11/2022	Suxestión	Docencia	Pechada	Horario das prácticas	Estimada: enviouse resposta escrita e falouse coa estudante que presentou a suxestión e deu por boa a explicación.

Ademais, dentro do alcance do sistema de xestión de calidade está contemplado o tratamento das queixas, suxestións e recursos administrativos tramitados na OAR (Oficina de Análise de Reclamacións). Segundo a información proporcionada pola OAR, durante o curso 2022-23 presentáronse 4 recursos administrativos en materia de xestión académica relativos ao Grao en Veterinaria, 3 deles referentes ao tema do recoñecemento de estudos, e 1 ao tema de validacións. Das 4 reclamacións só unha delas concerninte ao recoñecemento de estudos foi estimada parcialmente; as outras 3 reclamacións foron desestimadas.

Ademais, segundo información da OAR presentouse 1 consulta sobre modificación de matrícula que non foi admitida, e 10 queixas relativas á prestación do servizo de educación superior, relacionadas co Grao en Veterinaria, coa temática que se detalla na seguinte táboa:

Queixas e suxestións rexistradas na OAR relativas á Facultade de Veterinaria curso 2021-22	10
Aulas e instalacións	8
Erasmus-Convenios	2

A gran maioría das relativas a “Aulas e Instalacións” se referían ás instalacións da Biblioteca Intercentros, as cales foron todas elas estimadas, mentres que das relativas ao tema Erasmus-Convenios, unha delas foi desestimada e a outra arquivada.

Neste punto sinalar que as queixas e suxestións rexistradas na OAR non se trasladan aos centros, do mesmo xeito que as suxestións e reclamacións recibidas directamente na Facultade non se trasladan á OAR, polo que non é sinxelo discernir se algunhas poden ser as mesmas, presentadas a través de diferentes vías administrativas. Tal vez sería

proveitoso establecer un sistema de coordinación que permita contrastar a información recibida por ambas vías.

### 3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A realización do Informe de seguimento anual constitúe unha ferramenta extraordinariamente útil para detectar e corrixir os posibles desaxustes, así como para propoñer as accións de mellora necesarias para a súa consecución. O seguimento do título fíxose durante o curso 2022-23 segundo o calendario establecido pola USC.

Así mesmo, a Memoria de Calidade do curso 2021-22, que recolle o Plan de Melloras para o curso 2022-23, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e aprobada, previo Informe técnico de Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, pola Comisión Permanente da Xunta de Facultade do Centro.

A información enviada desde a ACMP, así como a recollida mediante enquisas e indicadores propios do centro, por parte do equipo de dirección e da coordinadora do grao, é tida en conta á hora de elaboración dos autoinformes de seguimento/resultados e da memoria de calidade do centro.

O Informe de seguimento do Grao en Veterinaria e a Memoria de Calidade do Centro, correspondentes ao curso 2021-22 e anteriores, están dispoñibles na web da Facultade (<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-veterinaria/calidad/documentacion-sgc>), o cal permite a todos os grupos de interese acceder a esta documentación e contribuír á reflexión e á mellora do título.

As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC son tamén de gran axuda de cara aos procesos de avaliación, xa que nestes anos a facultade foi incorporando medidas de mellora que nos permitiron estar preparados para as avaliacións feitas por parte das distintas axencias avaliadoras.

Ademais da avaliación por parte da ACSUG para a renovación da acreditación do Grao en Veterinaria por parte do Consello de Universidades que obtivo en xuño de 2017, a Facultade de Veterinaria, sométese dende o ano 1998 a un proceso de avaliación externa por parte da European Association of Establishments for Veterinary Education (EAEVE), renovando a súa acreditación despois da re-visita que tivo lugar o 28-29 de abril do 2021, recibindo a acreditación do European Committee of Veterinary Education (ECOVE) con data do 21 de xuño de 2021. O Grao en Veterinaria da USC ten que renovar a acreditación europea no ano 2025. Debido a que no curso 21-22 comeza o proceso de preparación para esta avaliación, analízanse os indicadores da ESEVT (European System of Evaluation of Veterinary Training) no autoinforme de seguimento/resultados do título a partir deste curso. Así, deste xeito, intégranse todos os procesos relativos á calidade do título nun único proceso. A análise anual destes indicadores, mencionados nos criterios nos que é pertinente ao longo deste informe, está dispoñible tanto na AASX, como na intranet dentro do apartado de calidade.

Por outra parte, o 3 de decembro de 2021 tivo lugar a visita virtual para a certificación de implantación de sistemas de garantía de calidade, programa Fides Audit; as recomendacións xurdidas do informe da visita realizada pola ACSUG (Informe final de certificación da implantación do sistema de garantía de calidade), foron tidas en conta á hora da

## Grao en Veterinaria

elaboración do [Plan de Melloras](#) e incluídas na [Memoria de Calidade](#) correspondente, como se ven facendo con todos os informes derivados dos procesos de avaliación dos títulos e do SGC do centro.

### **Modificacións para a mellora do título**

Durante o curso 2022-23 propúxose a reorganización de horas nas actividades formativas das fichas de 2 materias (ver apartado 3. *Modificacións do plan de estudos* deste informe de seguimento 2022-23). Estas modificacións foron froito da revisión feita dos indicadores da ESEVT (incluídos como indicadores propios do centro dentro do seu SGC) , na cal se detectou un valor negativo no indicador I7 (prácticas extramuros de seguridade e calidade dos alimentos e saúde pública veterinaria), para corrixir a deficiencia detectada con tempo suficiente para a renovación da acreditación no 2025. Estas modificacións non substanciais foron aprobadas polo Consello de Goberno na súa reunión do 26/01/2023.

Estas modificacións para a mellora do título son revisadas e analizadas tanto pola Comisión de Título, como pola Comisión de Calidade, quen emite un informe sobre a súa idoneidade antes da súa aprobación pola Xunta de Facultade.

### **Accións de mellora**

As accións de mellora do Grao en Veterinaria para o curso 2022-23 xurdiron da análise e revisión feita do curso 2021-22 no Informe de Seguimento e outras propostas de mellora. Ademais, cada ano, desde a CCC pídeselles ás materias dos títulos existentes no centro que reflexionen sobre o resultado do curso e envíen á Comisión de Calidade as accións de mellora que consideren necesarias como proposta para mellorar e completar o desempeño docente. Esta posibilidade é unha ferramenta de enorme valor que a implantación do SGC ofrece para a continua innovación e mellora da actividade docente, e que cada vez máis vai implantándose dentro da planificación que as diferentes materias fan para o curso próximo. As propostas de accións de mellora recibidas están recollidas nas [GrV-AM-04 \(2023-2024\)](#) e [GrV-AM-05 \(2023-2024\)](#).

Ademais destas accións, tamén se acometen outras accións xerais para o conxunto do grao, enfocadas ao desenvolvemento de accións estratéxicas específicas recollidas dentro dos obxectivos e liñas estratéxicas da Prórroga do PE 2020-22. Así mesmo recollen, cando corresponde, as recomendacións xurdidas dos informes derivados dos procesos de avaliación.

Tódalas accións de mellora 2022-2023 do Grao en Veterinaria foron informadas en tempo e pechadas na AASX. A maioría delas foron finalizadas con eficacia. Se ben hai 3 accións de mellora do Grao (das 29 totais) que non se puideron considerar eficaces, e foron pospostas para ser rematadas no curso 2023-24

As 3 accións de mellora que non foron rematadas dentro da data de finalización prevista no Plan de Melloras 2022-23 e se continúan no 2023-24 son:

[GrV-AM-06](#) Plan de actividades para alumnos titores.

[GrV-AM-07](#) Cambio no proceso dos “acordos de mobilidade”.

[GrV-AM-09](#) Elaboración de enquisas de satisfacción do TFG para estudantes e profesores.

As accións de mellora [GrV-AM-01](#), [GrV-AM-02](#), [GrV-AM-03](#), [GrV-AM-10](#) e [GrV-AM-11](#) permanecen abertas e activas porque no Plan de melloras do 2022-23 xa se contemplou a data de finalización para o ano 2024, polo que se continua traballando nelas, e formarán parte do Plan de Melloras do 2023-24.

A información completa sobre todas estas accións de mellora amósase no apartado correspondente ás Accións de Melloras deste informe de seguimento 2022-23.

## Grao en Veterinaria

### 3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Veterinaria posúe o Certificado de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade (Programa FIDES-AUDIT), con data do 11/10/2022. A vixencia deste certificado é hasta o 11/10/2027, con data de revisión 11/10/2025. Ademais, o Centro está pendente da acreditación institucional ministerial unha vez o título de Máster renove a súa acreditación. En caso de non obter a acreditación institucional, o Grao en veterinaria debería renovar a súa acreditación antes do 11/07/2025.

Este Certificado de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade manifesta a existencia dunha cultura de calidade consolidada no noso centro.

As recomendacións feitas no Informe final de certificación da implantación do SGC por parte da ACSUG foron tidas en conta no Plan de melloras do centro 2022-23, en concreto nas accións de mellora (AM) do centro **FV-AM-2** hasta a **FV-AM-6**. Entre elas figura a revisión dos indicadores dos procedementos do centro para o establecemento de metas e unha mellora na avaliación dos resultados e a súa análise. Así mesmo tamén se está a elaborar o novo Plan Estratéxico que figuraba neste Plan de Melloras. Ambas AM implican un proceso de revisión e análise, entre outros, do SGC.

A mellora continua do SGC evidenciase nas modificacións realizadas para a súa mellora e adaptación. Así o Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de procesos de centro adaptado ao novo SGC marco da USC foron aprobados pola Xunta de Facultade de Veterinaria o 15/02/2019 e posteriormente aprobados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno o 15/03/2019.

Despois dun tempo de emprego, o SGC requiriu unha actualización dos procesos para incorporar os cambios que se foron producindo en normativas e procedementos, así como outros cambios de maior calado que se viu necesario acometer, que afectarían á estrutura do SGC, como sería a constitución dunha Comisión do Grao en Veterinaria co fin de separar Comisión de Grao e a Comisión de Calidade. Estes cambios realizados a partir dos traballos de revisión e mellora do *Manual do Sistema de Garantía de Calidade* foron elaborados e aprobados pola CCC, aprobados pola Xunta de Facultade e ratificados pola CCPdCG o 06/10/2021.

Do mesmo xeito revisouse o *Manual de procesos do centro* para adaptalo aos cambios reflectidos no Manual do SGC e tamén aos producidos en normativas e procedementos, así como para a inclusión das comisións delegadas da Xunta de Facultade nos procesos correspondentes do SGC. Os procesos modificados foron aprobados pola CCPdCG o 27/01/2022:

*PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación*

*PC-02 Planificación das ensinanzas*

*PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas*

*PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos*

*PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades*

Froito de 2 AM do curso 2021-22 modificáronse os procesos "*PS-04. Satisfacción, expectativas e necesidades*" para incluír enquisas sobre diferentes aspectos específicos do Grao en Veterinaria (LHC, Rotatorio Clínico Hospitalario, perfil de ingreso), e o "*PC-05. Análise de resultados e mellora dos programas*" para a inclusión de indicadores da EAEVE no

## Grao en Veterinaria

SGC. As propostas de modificación foron elaboradas e aprobadas pola Comisión de Calidade o 23/11/2022, revisadas pola ACMP e aprobadas pola Xunta de Facultade na súa sesión do 21/12/2022 condicionando a dita aprobación á modificación posterior do punto 5 "Informes e Indicadores" do Manual do SGC do centro.

Xa no curso 2022-23, dentro das AM propostas no Plan de melloras, actualizouse novamente o Manual do SGC e o Manual de procesos, modificacións que foron aprobadas na Xunta de Facultade do 21/12/2023, estando pendentes da súa aprobación pola CCPdCG. Entre outras, actualizouse o Manual do SGC para a incorporación de novos indicadores, relacionados coa avaliación pola EAEVE e os indicadores propios do centro, e revisouse a composición das Comisións de Calidade e de Título. Modificáronse tamén os procesos "PE-01. Planificación Estratégica" e "PE-02. Revisión e mellora", para ter en conta as recomendacións feitas no Informe final de certificación da implantación do SGC elaborado pola ACSUG.

Durante o curso 2022-23 seguíronse a poñer en marcha e/ou consolidar mecanismos de recollida de información para complementar a información facilitada pola ACMP, entre eles os indicadores da EAEVE, como se recolle en distintas AM do Grao en Veterinaria ou do centro.

Outro dos mecanismos implementados dentro do SGC foi a posta en marcha do Comité Consultivo Externo en febreiro de 2021, cuxa constitución foi aprobada pola Xunta de Facultade na súa sesión do 26 de xuño de 2019. Na reunión de constitución que tivera que ser retrasada pola pandemia, acordouse facer reunións anuais e charlas con periodicidade mensual para dar a coñecer aos estudantes e profesorado da Facultade a súa visión sobre o seu campo de especialización. Estas charlas estanse a levar a cabo dentro da actividade "Apaixonad@s pola veterinaria", nas cales profesionais vinculados a diferentes sectores da veterinaria veñen a contar aos estudantes as súas experiencias no seu campo de actuación. Con motivo destas charlas, e de consultas concretas sobre aspectos da profesión aos membros do comité, mantense con estes un contacto regular que axuda a resolver cuestións relacionadas coa docencia no grao. A documentación relativa ao comité atopase na páxina web, no apartado de calidade (<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-veterinaria/calidad/organos-sistema-garantia-calidad>).

En relación aos indicadores do grao de satisfacción dos distintos grupos de interese reflicten uns resultados adecuados, como se recolle nos criterios 4 e 7, onde se mostran máis detalles sobre o resultado das enquisas de satisfacción.

Como se ven sinalando en anos anteriores, agradeceríase que na información que nos aporta a ACMP, a través dos informes relativos ás enquisas de satisfacción, se puidera apreciar a evolución das valoracións dos diferentes apartados que forman parte da enquisa ao longo dos últimos cursos, xa que nalgúns dos informes só aparece o dato do último curso, co cal obriga a recuperar os informes dos cursos anteriores, o que supón unha carga de traballo maior para o centro. Máis importante aínda sería que en todos os informes aparecera o número de participantes que cubriron a enquisa e o número posible de participantes que podían cubrila, para ter unha idea da representatividade de ditas enquisas.

---

### Accións de mellora e puntos a destacar

*"Proposta de mellora": A valorar como posible acción de mellora na Memoria de Calidade do centro.*

*"Suxestión de mellora": A valorar como posible acción de mellora na Memoria de Calidade do centro, pero que non depende exclusivamente do centro.*

#### Puntos a destacar:

- Todos os anos temos o reto de mellorar a taxa de participación nas enquisas por parte dos estudantes e egresados, en coordinación coa Área de Calidade e o centro de Datos e Procesos da USC, abordando todos os aspectos que poidan ser tidos en conta, tales como a opinión do alumnado para detectar as posibles eivas do proceso: demasiadas enquisas?, moi inespecíficas?, poucos resultados visibles? (xa que eles non perciben que se usen para nada), etc.
- Para valorar axeitadamente o resultado das enquisas é necesario ter a información da taxa de participación nas diferentes enquisas que nos aportan desde a área de calidade, xa que non en todas aparece este dato,



## Grao en Veterinaria

Proposta de mellora: Elaborar un documento no que se recollan as deficiencias atopadas na información recibida da ACMP, tales como a ausencia de datos de participación nalgunhas enquisas, e no que se inclúan suxestións para mellorar a participación dos estudantes, e outros colectivos, na recollida de datos de satisfacción.

Suxestión de mellora: Valorar a posibilidade de establecer un sistema de coordinación que permita contrastar as queixas e suxestións rexistradas na OAR e as recibidas directamente na Facultade para discernir se algunhas poden ser as mesmas, presentadas a través de diferentes vías administrativas.

Punto a revisar: na execución do protocolo para recollida de datos da EAEVE, considerar que se empezou con atraso e non houbo tempo suficiente para que os indicadores estivesen dispoñibles ao comezar o proceso de seguimento do título, aínda que si se puxeron a disposición de tódolos membros da Comisión de Calidade antes de finalizar o traballo de elaboración do informe de seguimento. Este atraso pode supoñer un atranco ao proceso de seguimento, polo que convén activar a recollida de datos con máis antelación nos seguintes cursos.

Punto a destacar: Dada a opinión manifestada nas reunións de valoración semestral sobre as enquisas destinadas aos estudantes para recoller a información sobre a confusión que xera a forma en que está formulada a pregunta de consecución de competencias, e en espera á adaptación a competencias a día 1, proponse eliminar temporalmente esta cuestión ata que podamos formulala de xeito que o estudante entenda claramente o que se pregunta.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tralaballo Fin de Grao ou Tralaballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

### **Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:**

Para a valoración da cualificación do profesorado que imparte docencia no Grao en Veterinaria recorreremos aos tramos de investigación recoñecidos ao profesorado como indicadores da súa experiencia docente e investigadora. Neste curso 2022-23, a porcentaxe de profesores con algún tramo de investigación (sexenio) recoñecido pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) sobre o total do PDI foi do 93,02% (IN24G), resultando lixeiramente superior ao dos tres cursos anteriores que oscilou entre o 89,89% (2021-22) e o 92,45% (2019-20). A porcentaxe de profesores funcionarios que impartiu docencia respecto ao número total de PDI acadou este curso académico un valor de 64,66% (IN26G), lixeiramente inferior ao 65,79% do curso anterior, e moi por debaixo do 74,58% do curso 2020-21. De igual modo, a porcentaxe de profesores que posúen o título de doutor é do 89,66 (IN25G), observándose un descenso respecto ó 90,35% do curso anterior, que obedece a un incremento do número de contratados/investigadores predoutorais con docencia no título.

O descenso observado nestes tres indicadores débese ao relevo xeracional que se está a levar a cabo na USC e que supón a incorporación de novo profesorado nas categorías de contratado o que, obviamente, posúe menor experiencia. Porén, as cifras para os tres indicadores mantéñense en niveis elevados, o que dá unha idea da boa cualificación do profesorado do Grao en Veterinaria.

A media de estudantes matriculados por grupo de teoría foi de 118,27 nas materias de formación básica e obrigatorias (IN55G) e de 14,85 nas materias optativas (IN56G). Estes datos, similares aos do curso anterior (115,11), estabilizáronse nos últimos cursos debido á estabilización da matrícula de novo ingreso. Do mesmo xeito, a media de estudantes por grupo de docencia interactiva, que inclúe grupos de seminario, de prácticas clínicas e de laboratorio, vai diminuindo progresivamente dende hai 5 cursos, acadando un valor de 14,16 no 2022-23 (IN32G). É moi importante manter este indicador en niveis baixos de cara a unha docencia de calidade por ser un Grao eminentemente práctico no que os estudantes deben adquirir destrezas e habilidades difíciles de conseguir cun número grande de estudantes por grupo.

Ademais, a satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46G) é dun 4,3 sobre 5, manténdose na mesma liña que en cursos anteriores. Non obstante, hai que subliñar que a taxa de resposta nestas enquisas (IN48G) foi do 24,12%, o que supón un descenso con respecto aos tres cursos anteriores nos que chegou a acadar ao 33,22% do alumnado. Dado que a opinión do alumnado sobre a docencia recibida é moi importante, é necesario implementar accións de mellora

## Grao en Veterinaria

para fomentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción.

En canto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47G) acádase un valor de 4,37 sobre 5, lixeiramente superior a do ano anterior (4,31) e cunha tendencia á alza. A participación nesta enquisa do 60,43%, tamén foi superior á de cursos anteriores. Entendemos que estes datos, aínda que mellorables, demostran que o profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.

### Distribución do Persoal Académico con docencia (E15)

CATEGORÍA	E15 2018-19	E15 2019-20	E15 2020-21	E15 2021-22	E15 2022-23
Asociado de Ciencias da Saúde	8	7	1	-	-
Asociado de Universidade	3	5	6	12	11
Axudante doutor	3	5	7	10	15
Contratados pre e posdoutorais	15	11	14	13	20
Catedrático/a de Universidade	13	13	16	11	12
Colaborador/a	1	1	1	-	-
Profesor lector	-	-	-	-	1
Profesor Contratado Substitución	2	4	4	2	3
Profesor Contratado Doutor	15	16	13	14	10
Titular de Escola Universitaria	2	2	2	2	1
Titular de Universidade	74	74	66	62	61
<b>TOTAL (Profesores+contratados pre e posdoutorais)</b>	<b>136 (121+15)</b>	<b>139 (128+11)</b>	<b>130 (116+14)</b>	<b>126 (113+13)</b>	<b>133 (113+20)</b>

O persoal académico con docencia no grao viuse incrementado en relación ao curso anterior e impartiu un total de 15.356 horas. Analizando estes datos, o cambio máis destacado é a desaparición nos últimos dous anos dos Asociados en Ciencias da Saúde (PACS) que se viñan encargando da materia troncal Rotatorio e a súa transformación en Asociados de Universidade e Axudantes doutores. Tamén destaca o aumento do número de persoal con contratos predoutorais (11) e posdoutorais (9).

Pola contra, o número de Catedráticos e Titulares de Universidade mantense estable ou diminúe lixeiramente, debido en grande medida ao aumento das xubilacións. Estas prazas foron substituídas na súa maioría por prazas de axudante doutor de nova creación. Cabe mencionar tamén que algunhas das variacións producidas nestes últimos anos obedecen á redistribución de profesorado doutros centros que imparte escasas horas de docencia neste grao. En xeral, a participación na docencia do grao de persoal en formación (predoutoral e posdoutoral), así como do conxunto de profesorado contratado, axudante doutor, asociado e de substitución, experimentou un aumento que podería ser indicativo dun esforzo de acoller a profesorado máis novo que garanta o relevo xeracional na formación dos estudantes do grao.

Os indicadores da ESEVT I1 e I2 de persoal académico por número de estudantes e veterinarios por número de graduados, anualmente implicados na titulación, son superiores aos valores mínimos requiridos para a acreditación europea e superan nos dous casos a media indicada pola EAEVE. Non obstante, no caso do persoal académico os valores (0,192) están próximos ao mínimo requirido (0,13) polo que resulta aconsellable un incremento do cadro docente nos próximos anos.

A Universidade de Santiago de Compostela posúe un Programa de Formación e Innovación Docente que ten como finalidade principal establecer un marco de formación que permita adquirir e mellorar as competencias docentes, investigador e de xestión necesarias para o exercicio profesional na universidade. Desta forma, a USC ofrece un amplo abano de cursos para a mellora da actividade docente do profesorado. A participación do profesorado do Grao en Veterinaria nos plans de formación no curso 2022-23 foi do 31,06% (I6-I7), o que supón un incremento con respecto ao 28,68% do curso 2021-22. Ademais, segundo os intereses específicos do centro, é posible solicitar cursos para o profesorado, orientados a fomentar a formación dos nosos docentes en aspectos concretos, como se vén facendo nos últimos anos, iniciativa que se pretende continuar nos seguintes cursos. No curso 2022-23 organizouse un curso sobre como realizar unha avaliación orientada á aprendizaxe (PFID.22far-07) e outro específico para PDI da Facultade de Veterinaria sobre a cría, produción e comercialización da raza de Porco Celta (PFID.22far-11). A satisfacción do PDI da USC coas accións formativas dos cursos do PFID no curso 2022-23 acadou unha valoración media de 4,59 sobre 5, cunha participación nas enquisas dun 39,81% (INF.10). Non obstante, non se conta cos datos desagregados para a Facultade de Veterinaria.

## Grao en Veterinaria

A participación do profesorado en programas de mobilidade descendeu considerablemente neste último curso, pasando dun 3,94% do curso 2021-22 a un 1,5% (110) no 2022-23. Este descenso pode deberse a unha estabilización tras o aumento observado no curso 2021-22 despois da desaparición das restricións para viaxar que limitaron de forma importante a mobilidade nos cursos pospandemia. Cabe destacar que a porcentaxe actual é lixeiramente superior aos niveis de antes da pandemia (1,27%, curso 2018-19).

### 4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación esixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O persoal de administración e servizos (PAS) tense incrementado lixeiramente con respecto aos 16 do curso 2021-22, contando con 19 persoas de apoio na Facultade de Veterinaria, e que dan servizo aos seus dous títulos adscritos: Grao e Máster. Aínda que o número se considera suficiente (acorde co que figura na memoria do título), está moi axustado polo aumento do volume do traballo desde a implantación do título, o que supón unha sobrecarga de traballo, especialmente en determinados períodos do ano, polo que sería desexable incrementar o persoal no futuro e realizar unha planificación axeitada do reparto de tarefas para garantir o desenvolvemento das súas funcións e atender a todo o profesorado e estudantes.

### PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS CURSO ACADÉMICO 2022-23 (E-16)

Unidade	Posto	Escala/categoría	Total
<b>Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos</b>	Responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos	Escala de Xestión/Administración	1
	Posto base	Escala Auxiliar-Administración	2
	Secretaría do Decanato	Escala auxiliar-Administración	1
	Responsable administrativo Departamentos	Escala Administrativa-Administración	3
<b>Unidade de Asuntos Económicos</b>	Responsable de Asuntos Económicos	Escala Administrativa-Administración	1
<b>Conserxería</b>	Coordinador servizos xerais	Auxiliar Técnico Servizos	1
	Auxiliar Técnico Servizos	Auxiliar Técnico Servizos	4
<b>Facultade de Veterinaria</b>	Técnico Investigación (Area Bioloxía-Saúde)	Técnico Investigación	6
<b>TOTAL</b>			19

O indicador de satisfacción deste persoal co traballo desenvolvido (INF.21) para o curso 2022-23 e de 3,71, cunha taxa de participación do 38,89%.

O indicador da ESEVT I3 de persoal de apoio implicado na titulación por número de estudantes graduados anualmente

## Grao en Veterinaria

(1,043) está por riba dos valores mínimos (0,54) requiridos para a acreditación europea, xa que ao persoal propio do centro se lle suma o rateo do persoal de administración e servizos xerais da USC.

Ao igual que no caso do PDI, a USC oferta, dentro do seu Programa de Formación e Innovación Docente, cursos de formación para o persoal de apoio. Ademais, o persoal PAS da USC pode acceder á formación organizada pola Escola Galega de Administración Pública en virtude do convenio de colaboración coas tres universidades galegas. A participación do PAS da Facultade de Veterinaria nos plans de formación no curso 2022-23 foi do 68,42% (16-17), o que supón un incremento con respecto ao 58,82% do curso 2021-22, e retoma os valores prepandemia (62,50% no curso 2018-19), despois dos altos valores acadados nos cursos 2020-21 (81,25%) e 2019-20 (100%). Ademais, se se considera que os cursos ofertados non cobren as necesidades de formación do centro, ofertaríanse cursos específicos desde a facultade para este sector.

A satisfacción do PAS da USC coas accións formativas no curso 2022-23 acadou unha valoración media de 8,27 sobre 10, cunha participación nas enquisas dun 37,89% (INF.11). Non obstante, non se conta cos datos desagregados para a Facultade de Veterinaria.

### Outros recursos humanos dispoñibles

Ademais do persoal relatado máis arriba, hai outro que, sen vinculación tan directa coa Facultade de Veterinaria, presta apoio dende os servizos xerais da USC:

- Técnico especialista en informática dependente da Área da Información e Comunicacions (ATIC), encargado das incidencias de tipo informático.
- Persoal da Oficina web. <http://www.usc.es/es/servizos/oficinaweb/index.html>
- Os traballadores da Unidade de Xestión Académica do Campus de Lugo: responsables da matrícula e xestión de expedientes, así coma das actas das materias reguladas (non das do Traballo Fin de Grao, nin das Prácticas Externas, competencia ámbalas dúas do Centro). <http://www.usc.es/es/goberno/xerencia/lugo/uxalugo.html>
- Oficina de Información Universitaria. <http://www.usc.es/es/servizos/oiu/>
- Servizo de Participación e Integración universitaria. <http://www.usc.es/es/servizos/sepiu/index.html>
- Servizos de Apoio á Docencia e á Investigación. <http://www.usc.es/gl/servizos/>
- Área de Xestión de Infraestruturas. <http://www.usc.es/es/servizos/axi/index.html>
- Área de Cultura. <http://www.usc.es/es/servizos/cultura/index.html>
- Unidade de Convenios <https://www.usc.gal/gl/servizos/convenios/>
- Servizo de Relacións Exteriores <https://www.usc.es/gl/perfis/internacional/>, principalmente o persoal responsable de programas de mobilidade do Campus de Lugo

### Persoal do Hospital Veterinario Universitario ROF CODINA

O persoal do Hospital Veterinario Universitario ROF CODINA (HVURC) recuperou o número de persoal facultativo que perdera no curso pasado (5 postos no cadro de persoal facultativo) coa incorporación de 5 veterinarios internos residentes, e incrementou en 2 o número de facultativos. É importante manter o número de postos de persoal facultativo de cara a unha docencia de calidade por ser un Grao eminentemente práctico no que os estudantes deben adquirir destrezas e habilidades difíciles de conseguir con escaseza de persoal.

O cadro de persoal de administración e servizos (persoal de apoio) mantense no número total. Aínda que o número se considera suficiente, está moi axustado polo que sería desexable incrementar o seu número no futuro para garantir o desenvolvemento das súas funcións e a atención a todo o persoal docente e estudantes.

Persoal Facultativo	Número	Persoal de apoio	Número
Facultativos Diagnóstico por Imaxe	2	Técnico en informática	1
Facultativo Análises Clínicos	1	Auxiliar mantemento/condución	1
Facultativo Unidade de Équidos	2	Dirección de xestión	1
Facultativo Animais de produción	1	Administrativo	1

## Grao en Veterinaria

Facultativo Cirurxía	2	Auxiliar administrativo	2
Facultativo Farmacia	1	Secretario/a	1
Facultativo Medicina Interna	1	Limpeza hospitalización	6
Facultativo radioterapia	1	Mantemento climatización	1
Facultativo Anestesia	1	Mantemento jardinería	1
Facultativo urxencias	3		
Auxiliar veterinario en hospitalización e médica	2		
Veterinario Interno Residente (VIR)	5		

Como xa se comentou anteriormente, neste curso 2022-23 incorporáronse 5 veterinarios internos residentes (VIR) (para suplir a perda de persoal que tivo lugar o curso pasado nas figuras de contratados pre e posdoutorais de apoio asistencial e internos de pequenos e grandes animais) de cara a implementar un sistema de especialización de xeito que se fomente unha formación hospitalaria global cualificada.

Na cobertura da docencia impartida no HVURC participan os profesores asociados P6 con vinculación hospitalaria e o persoal colaborador docente (facultativos), tanto na materia troncal Rotatorio como nas materias clínicas cuxas prácticas se imparten no HVURC.

### Profesionais externos

A titorización non académica das prácticas do módulo de Prácticas Tuteladas e Prácticas Externas, conta coa colaboración de numerosos profesionais externos, que está formalizada mediante convenios de colaboración con empresas/institucións do estado español e do estranxeiro, asinados polo reitor ou vicerreitor con competencias e aprobadas polo Consello de Goberno.

O grao de satisfacción dos estudantes e dos titores profesionais coas prácticas externas é moi boa, 4,49 (IN19G, no INF.06 non se reporta a taxa de participación) e 4,3 (IN20G) con unha taxa de participación do 35,56% (INF 07), respectivamente, no curso 2022-23. Cómpre resaltar o aumento na taxa de participación dos titores profesionais con respecto ao 11% do ano anterior.

---

### Aspectos a destacar e propostas de mellora

*“Proposta de mellora”:* A valorar como posible acción de mellora na Memoria de Calidade do centro.

*“Suxestión de mellora”:* A valorar como posible acción de mellora na Memoria de Calidade do centro, pero que non depende só do centro

#### Persoal académico:

Aspecto a destacar: Baixa taxa de resposta nas enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida. En moitos casos non se acadou o número de respostas mínimo para que os resultados sexan valorables.

Proposta de mellora: promover que o profesorado deixe uns minutos da clase para contestar enquisas facendo unha campaña de concienciación dos docentes sobre a relevancia das mesmas.

Aspecto a destacar: a relación de persoal académico por número de estudantes atópase moi próxima ao mínimo requirido para a acreditación da EAEVE.

Suxestión de mellora: incrementar o cadro docente mediante a creación de novas prazas de profesorado contratado. Fomentar a incorporación de alumnado de terceiro ciclo nas unidades docentes e grupos de investigación para garantir o proceso natural de relevo xeracional.

#### Persoal do HVURC:

Aspecto a destacar: Conseguiuse revertir a tendencia de diminución do curso pasado nos postos básicos e de formación de persoal facultativo que fora debido á reforma laboral de 2022. Así e todo, os postos máis

## Grao en Veterinaria

especializados do persoal facultativo poderían mellorar o tempo de dedicación e a súa implicación na docencia con figuras cunha maior vinculación á USC.

Suxestión de mellora: Transformar os postos de facultativos do HVURC a figuras docentes vinculadas á USC (profesores asociados de Universidade) mellorando a implicación na docencia hospitalaria. Asemade, deberían incorporarse técnicos medios (auxiliares técnicos veterinarios -ATV-) para descargar de traballo aos facultativos, persoal con alta cualificación, e que así podan dedicarse a tarefas de maior especialización tanto docentes como investigadoras.

Proposta de mellora: Reorganización do reparto de tarefas entre o persoal técnico de apoio cunha planificación de actividades do centro que permita dar servizo a un maior número de materias.

## **DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

### **CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:**

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.**

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante orientano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A totalidade das infraestruturas consignadas na memoria do título seguen en activo; ademais incorporáronse algunhas outras para mellorar o cumprimento dos obxectivos formativos e atender ás necesidades da titulación.

### **Dispoñibilidade de aulas:**

A Facultade de Veterinaria dispón dun edificio de aulas exclusivo, no que se sitúan as 7 aulas construídas no proxecto inicial, a aula 8, habilitada no 2014, e outros espazos para usos diversos. Fóra do aulario, contamos como aulas de usos múltiples, nomeadas en honra aos patrocinadores, coa Aula Aresa 1 (35 prazas, Pavillón II, desde 2008), a aula Aresa-2 (33 prazas, Pavillón Central, desde 2015), a sala Galeno (24 prazas, Pavillón Central, desde 2015) e a sala Norvet (31 prazas, Pavillón Central, desde 2015). Estes espazos están moi demandados para seminarios, obradoiros, reunións, cursos de formación de persoal, defensas de TFG e teses, e para impartir clases de materias optativas con reducido número de estudantes. Contan con sistemas de videoconferencia, WiFi, e mobiliario modular para acomodar diversas



## Grao en Veterinaria

actividades. Realizouse un importante esforzo para dotar unha aula de realidade virtual para realizar visitas virtuais a espazos nos que non permiten a entrada de estudantes, como certos tipos de granxas con altas condicións de bioseguridade, que comezou a súa actividade no curso 2022-23. Debido ás obras para reparación e mellora enerxética no sistema de calefacción do aulario, o auditorio utilizouse como aula no primeiro semestre do curso.

### **Salas de estudo:**

Aínda que a Biblioteca Intercentros conta con espazosas e moi ben dotadas salas de estudo, a sala de lectura da antiga Biblioteca da Facultade mantense como tal pola demanda dos estudantes, dada a relativa distancia da Biblioteca Intercentros, e para optimizar os tempos libres da súa xornada docente. Ademais, no aulario está ubicado o laboratorio de habilidades clínicas dedicado á aprendizaxe autónoma no que o estudante pode repasar e adquirir destreza nas habilidades aprendidas nas clases prácticas. Neste laboratorio dispónse de simuladores para realización de procedementos, e dado que os modelos adquiridos non traen instrucións para a realización das actividades, cómpre elaborar guías para cada nova actividade co fin de organizar axeitadamente o traballo dos estudantes.

### **Aulas de informática e Recursos informáticos:**

A titulación de Grao emprega nestes momentos dúas aulas de informática. Están situadas no pavillón central, pertencen ao sistema RAI (Rede de Aulas de Informática da USC) e dispoñen dos programas de licenza corporativa ou software libre necesarios para impartir as sesións prácticas daquelas materias que contemplan este tipo de actividade na súa programación. Cando se demanda, e se está dispoñible, a aula 3 é de libre acceso para calquera estudante que poida necesitar empregar un equipo, aínda que é certo que co crecente emprego de teléfonos intelixentes e computadores portátiles na contorna WiFi do Centro, este uso cada vez é máis esporádico.

### **Laboratorios:**

A estrutura en pavillóns independentes da Facultade de Veterinaria, nos cales se sitúan as diferentes materias, fai que existan numerosos laboratorios, polo menos un para docencia en cada planta de cada pavillón e, as máis das veces, dous máis para investigación, tamén en cada planta, que en non poucas ocasións se empregan para impartir sesións prácticas das materias.

Aquelas materias que programan unha actividade práctica singular dispoñen de instalacións adicionais, como son as salas de disección para Anatomía e necropsias para Anatomía Patolóxica. Algunhas prácticas teñen lugar en dous laboratorios situados na planta baixa do pavillón II por motivos de espazo e iluminación.

Por último, as materias clínicas de carácter asistencial desenvolven o seu ensino práctico nas instalacións do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina; alí dispoñen de todo o equipamento necesario en consultas, quirófanos, salas de raios, sala de ecografía, sala de TAC, laboratorios de diagnóstico, hospitalización, etc.

### **Salas de reunións:**

A Sala de Xuntas é o espazo de maior aforamento (80-100 asistentes) para reunións no edificio da Facultade de Veterinaria, e está situada no pavillón central. Na mesma localización localízase a Sala XXV Aniversario –un recinto de pequena capacidade, 15 persoas, para cursos e reunións- e a Sala Galeno -24 persoas- xa referida polo seu posible uso como aula, pero que igualmente está pensada para reunións polo seu mobiliario modular movable.

As tres salas de reunión están dotadas de sistema de videoconferencia.

### **BIBLIOTECA:**

Os recursos bibliográficos e instalacións que corresponderían á Biblioteca da Facultade de Veterinaria atópanse na Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo.

### **Espazo, equipamento, horario**

Ubicada no centro do Campus de Lugo, a Biblioteca Intercentros é un edificio de 9.500 m<sup>2</sup> que alberga 1.490 postos de estudo –algún deles adaptados para usuarios con discapacidade- distribuídos en 5 salas de lectura, 1 sala de traballo en grupo, 1 hemeroteca e 1 sala de formación (sala e-Terra) con 21 equipos informáticos totalmente renovados en 2016. Unha alta porcentaxe dos postos de lectura dispoñen de enchufes para recargas dos dispositivos de traballo persoais.

Na entrada da biblioteca as persoas usuarias dispoñen dunha máquina multifunción para fotocopiar, escanear e imprimir en réxime de autoservizo.

## Grao en Veterinaria

A biblioteca abre ao público máis de 350 días ao ano. O horario habitual é de luns a venres de 8:30 h. ás 21:30 h. Nas fins de semana e festivos abre de 10:00 h. a 19:30 h. Coincidindo coa época de exames, nos meses de decembro e xaneiro, e dende inicios de maio ata finais de xuño, a biblioteca amplía o horario ata as 00:00, os sete días da semana.

### **Persoal da biblioteca**

Constitúen o cadro de persoal da biblioteca un equipo de 10 auxiliares e 6 bibliotecarios que desenvolven as tarefas ligadas á xestión da colección para ofertar un conxunto de servizos bibliotecarios de apoio aos procesos de estudo, aprendizaxe, docencia e investigación como: os cursos de formación en competencias informacionais de nivel básico e avanzado (recoñecidos con 1 crédito ECTS), axuda nas buscas e localización da información, atención a través das redes sociais, asesoría e atención personalizada en cuestións de autoría, publicación en aberto, datos do Portal de Investigación, etc.

### **Recursos técnicos para a xestión do servizo**

**ALMA.** Sistema de xestión da biblioteca que facilita o uso dos recursos e servizos electrónicos. Ofrece novidades respecto a reservas, solicitudes de dixitalización, xestión en liña, etc. Ademais, ALMA dispón de funcionalidades de busca e recuperación que facilitan a consulta ao usuario, xa que integra o acceso aos recursos electrónicos nun mesmo buscador que os impresos. O catálogo, Iacobus, ofrece numerosos filtros de busca, permitindo chegar, de xeito rápido e doado a resultados moi pertinentes. As Bibliografías recomendadas enlazan coas webs das asignaturas.

**Ezproxy.** Fora do dominio da USC, a Biblioteca Universitaria dispón do servizo EZproxy que permite o acceso remoto aos recursos electrónicos subscritos pola BUSC, e os subscritos a través do CISUG, para todos os membros da comunidade universitaria (alumnado, PDI e PAS), utilizando as credenciais da USC.

**RefWorks,** Ferramenta de xestión de referencias bibliográficas en liña.

**GtBib.** Para a solicitude de documentos e préstamo interbibliotecario nacional e internacional. A información que non é accesible desde a biblioteca universitaria fornécese gratuitamente polo Servizo de Préstamo Interbibliotecario e Fotodocumentación da BUSC.

### **Recursos bibliográficos**

Integran a colección da Biblioteca Intercentros máis de 111.000 volumes de monografías en diferentes soportes e máis de 1.700 títulos de revistas, das que 79 son subscricións en curso. Un eixo temático fundamental desta colección é o gandeiro e agroalimentario, dado que a Biblioteca Intercentros está vinculada ao Campus Terra.

#### Monografías

Na Biblioteca Intercentros, máis de 15.500 son libros das materias de veterinaria, alimentación e ciencias afíns. Deles a data de marzo de 2024, máis de 5000 encádranse dentro da categoría de medicina veterinaria, 3377 corresponden a temas relacionados coa produción animal, e 1973 son de temática alimentaria. Destes libros, 362 son títulos editados a partir do 2019, o que indica unha adecuada actualización desta colección. Dado o constante crecemento dos fondos, e incluíndo as materias xerais básicas, ascende a máis de 17.000 títulos –só libros- os existentes directamente relacionados co Grao (tendo en conta que dos máis importantes existen varios exemplares). O catálogo de fondos é accesible a través de <http://iacobus.usc.es>.

Desde a páxina web da BUSC (<https://rebusca.usc.gal/inicio>) accédese á colección de libros electrónicos, pertencentes ás editoriais máis importantes: Elsevier, Ovid, Panamericana, Springer e EBSCOhost, Wiley, American Chemical Society, entre outras. A gran maioría destes libros son de moi recente edición posto que este formato desenvolveuse maioritariamente durante a última década.

#### Publicacións periódicas

Na Biblioteca Intercentros a colección en papel conta con 36 títulos en curso de revistas de temática veterinaria específica. As revistas electrónicas consorciadas contrátanse coas editoriais máis importantes (Elsevier, Wiley, Oxford, etc.). O número de títulos dispoñibles achégase a 1.700 da materia agricultura. Como submaterias de interese para os Graduados en Veterinaria figuran 132 títulos de revistas de medicina veterinaria, 104 de ciencia e tecnoloxía dos alimentos, 11 de tecnoloxía do leite, 73 de cría animal e gandería, 197 de piscicultura e acuicultura, 86 de economía e política agraria, etc. O acceso a información relevante multiplícase se consideramos as revistas doutras disciplinas como

## Grao en Veterinaria

a microbioloxía, bioquímica, xenética, toxicoloxía, zooloxía, etc. Accédese á consulta en liña utilizando como identificación o correo institucional.

### Bases de datos

Tamén é accesible a través da rede da USC a consulta das principais bases de datos de interese, entre as cales se pode citar: Web of Science, Agris, Scopus, Medline, SciFinder, Scholar, Farmacopea Española, Asfa-Aquatic Sciences & Fisheries Abstracts, Greenfile, Earth, Official Methods of Analysis of AOAC, etc. Os usuarios poden realizar as consultas a través da rede da USC, mediante conexión cableada ou WiFi Eduroam e empregando calquera plataforma —Windows, Mac, Linux, Android— ou fóra do dominio da USC (Ezproxy)

### Minerva

Repositorio institucional da USC para o acceso ás súas coleccións bibliográficas dixitalizadas e á produción investigadora e docente dos seus membros <https://minerva.usc.es/xmlui/?locale-attribute=gl>.

### **Outro acceso a documentación**

A biblioteca recibe como doazón de veterinarios xubilados libros antigos editados entre finais do século XIX e mediados do XX. Por esta vía ingresou a colección do veterinario D. Juan Rof Codina, figura fundamental para coñecer a historia da medicina veterinaria na Galicia do seu tempo.

Ademais de todo o sinalado, en moitos departamentos da Facultade de Veterinaria existen outros materiais, de diversa índole, que poden ser utilizados polos estudantes. Finalmente, cabe resaltar que o acceso a Internet que ofrece a USC aos estudantes, pon ao alcance dos mesmos unha infinidade de recursos científicos gratuítos en constante crecemento, tanto en relación con publicacións periódicas como o acceso a libros electrónicos.

A colección electrónica e a posibilidade dos membros da comunidade universitaria de solicitar novas adquisicións de material bibliográfico facilita a actualización dos fondos

O número de recursos, o acceso aos mesmos, a conexión directa a bases de datos, a posibilidade de acceso a artigos científicos, o número de libros, e o seu grao de actualización, fainos considerar que os recursos documentais son suficientes e están actualizados.

### **Recursos materiais e servizos**

Igual que para o curso 2021-22 non se dispón de datos sobre a satisfacción dos egresados cos recursos materiais e servizos (IN33G) no curso 2022-23.

### **Accións de mellora que se puideron levar a cabo no curso 2022-23 relacionadas cos recursos materiais:**

- GrV-AM-12. Incorporación dun modelo anatómico do aparato xenital de semental equino
- GrV-AM-13. Adquisición dun estereomicroscopio para a docencia en Botánica na materia Ciencias Fundamentais.
- GrV-AM-14. Renovación dos eléctrodos (3) de pH-metro e dun condutímetro con axitación magnética para Ciencias Fundamentais.
- GrV-AM-15. Mesas con soportes para traballar con pezas de matadoiro para as prácticas de Clínica Médica I, II e Rotatorio Clínico.
- GrV-AM-16. Adquisición de 4 tabletas de apoio audiovisual para as prácticas en granxas nas materias do Departamento de Patoloxía Animal.
- GrV-AM-17. Adquisición dun televisor de apoio audiovisual para as prácticas no quirófano (Anestesia e Reanimación Veterinaria, Medicina e Cirurxía Clínica Veterinaria II e Rotatorio Clínico.
- GrV-AM-18. Novo espectrofotómetro, incubador e microscopio óptico para as prácticas de Hixiene I.
- GrV-AM-19. Adquisición dunha impresora 3D para a realización de modelos de óso para prácticas de Medicina e Cirurxía Clínica Veterinaria II e Rotatorio Clínico.
- GrV-AM-20. Centrífuga de microhematocrito, refractómetro clínico, medidor de lactato e reactivos Diff-Click para equipar o Laboratorio de Prácticas da Granxa Campus Terra.
- GrV-AM-21. Incorporación de 4 novos simuladores de cirurxía laparoscópica; incorporáronse tamén 4 monitores

## Grao en Veterinaria

novos e outros catro reciclados, polo que xa se poden realizar prácticas con 8 equipos completos nas materias de Medicina e Cirurxía Clínica Veterinaria II e Rotatorio Clínico.

- GrV-AM-22. Adquisición dunha lámpada UV e un baño de calor seco para as prácticas de Toxicoloxía Veterinaria.
- GrV-AM-23. Dous vídeos de casos reais de neuroloxía en Stream para apoio nas prácticas de encerado e sesións clínicas en Clínica Médica I.

### **Substitucións, arranxos e novidades sobre as infraestruturas utilizadas polo grao**

- Novo sistema de calefacción nas aulas 1,2,4,5,6 e 7.
- Compra de canón ASUS para reposto do auditorio.
- Paneis LED para mellorar os laboratorios de docencia da Facultade.
- Reparación da cámara de conxelación da sala de necropsias.
- Instalación de focos no Laboratorio de Habilidades Clínicas (LHC).
- Instalación dun equipo de renovación de aire no LHC.
- Aspiradora de líquidos para a sala de disección.
- Colocación de mosquiteiros na sala de disección.
- Conexión de neveiras e conxeladores a grupo electrógeno no pavillón I.
- Preparación de local para neveiras e conxeladores conectados a grupo no pavillón II.
- Estantes de vidro para exposición na entrada do pavillón central.
- Butacas, pufs e mesado con alimentación eléctrica para zona de traballo.
- Colocación dun pivote para impedir o acceso de vehículos na zona peonil diante do aulario.
- Pintado de zona prohibido aparcar en zona de descarga da sala de necropsias.
- Pintado de zona de aparcamento da furgoneta diante do forno crematorio.
- Pintado de liña amarela diante do pavillón central.
- Reparación de goteiras no auditorio.
- Instalación de timbres no aulario.
- Hidrolavadora para o forno crematorio.
- Cadeiras novas para a xestora académica e decanato.

### **Accesibilidade universal e deseño para todos**

Máis do 90% das instalacións da facultade contan cun deseño adaptado para todos, quedando moi poucos espazos por adaptar, favorecendo o acceso universal, especialmente nas aulas, salas e laboratorios onde se imparte docencia teórica e práctica.

### **Seguridade e saúde**

A facultade conta cun [plan de autoprotección](#) elaborado polo [Servizo de Prevención de Riscos Laborais](#). Este Servizo é o encargado de promover a saúde e seguridade da comunidade universitaria, para o que diseña, aplica e coordina os plans e programas de actuación preventiva, avalía os factores de risco que poidan afectar á seguridade e saúde do persoal e promove a información e implicación de todos na cultura preventiva.

O [Servizo de Vixilancia da Saúde](#) dedicado á vixilancia e control da saúde dos traballadores, leva a cabo, entre outros, programas de prevención de enfermidades infectocontaxiosas e campañas de información e/ou vacinacións específicas (por exemplo, antitetánica en Veterinaria).

### **Medio ambiente**

A USC adquiriu o compromiso de formar persoas e producir ciencia e tecnoloxía baixo o criterio de sustentabilidade, fomentando en todos os membros da comunidade universitaria o sentido da responsabilidade polo coñecemento, conservación e mellora do medio ambiente. Este compromiso plásmase no Plan de Desenvolvemento Sostible (PDS). Desde o ano 2011 funciona a [Oficina de Desenvolvemento Sostible](#) que se encarga de impulsar o desenvolvemento de accións e fomentar a participación de toda a comunidade universitaria. A aprobación no ano 2015 da [Axenda 2030](#) reforza a nova orientación do PDS.

## Grao en Veterinaria

Ademais, o [Servizo de Participación e Integración Universitaria](#), dependente da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social, coordina a oferta de actividades de voluntariado e participación social da USC.

### **Compromisos do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade**

A Universidade de Santiago de Compostela asumiu para o título de Grao en Veterinaria o cumprimento das recomendacións realizadas no informe de Verificación da ANECA, e en particular con respecto á incorporación de mecanismos para realizar ou garantir a revisión e o mantemento dos servizos dispoñibles nas institucións colaboradoras para o desenvolvemento do título. Con este fin introducíronse diferentes mecanismos de control que comezan pola incorporación de “Enquisas de Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas” (IN19G), “Enquisas de satisfacción dos titores profesionais cos programas de prácticas externas” (IN20G) e “Enquisas de Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas” (INF.08), que son tidos en conta durante a elaboración dos Informes de Seguimento anuais do título, co fin de adoptar medidas correctoras ou accións de mellora se fose preciso.

A Universidade de Santiago de Compostela elaborou un [Regulamento de Prácticas Académicas Externas](#), adaptado ao Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regula esta actividade dos estudantes universitarios, para o establecemento de convenios con empresas, institucións e entidades públicas e privadas no ámbito nacional e internacional. O citado regulamento dá amparo a todos os convenios que a Facultade de Veterinaria estableceu con empresas e institucións de diferentes ámbitos e localizacións, imprescindibles para o desenvolvemento, tanto das Prácticas Tuteladas (prácticas externas curriculares obrigatorias) como tamén das Prácticas Externas (prácticas externas curriculares optativas) do grao.

Co obxecto de dar un amparo normativo, tanto ao profesorado como ás entidades colaboradoras nas que se realizan Prácticas Extra muros baixo a supervisión dun profesor (prácticas de campo, prácticas clínicas e visitas activas), que son diferentes ás prácticas académicas externas, o Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela na súa sesión do 16 de decembro de 2016, aprobou un modelo marco de “Acordo de adhesión para a autorización de actividades académicas en instalacións que non pertencen á USC”.

En relación coa utilización de novas estruturas ou servizos externos á Universidade, cabe destacar que a Asemblea da Conferencia de reitores das Universidades Españolas (CRUE), celebrada o día 10 de xaneiro de 2014, ratificou un acordo da Conferencia de Decanos de Veterinaria nos seguintes termos:

Todas as Facultades de Veterinaria deben contar, aparte de cos recursos obrigados para impartir unha docencia universitaria de carácter experimental (aulas, aulas informáticas, laboratorios, sala de disección) entre outros, cos seguintes recursos que lle son propios:

- Un Hospital Clínico (e restantes Servizos Clínicos, preferentemente integrados na estrutura hospitalaria), no que se atenda a animais de compañía, équidos e animais de produción. Debe estar aberto 365 días ao ano e 24 horas ao día.
- Unha Planta Piloto de Tecnoloxía de Alimentos de orixe animal.
- Unha Granxa de produción con fins docentes e de investigación con, polo menos, unha especie produtiva.
- O acceso aos Servizos Públicos Oficiais de Inspección. Neste sentido, as distintas administracións públicas deberán garantir a formación dos estudantes coa vinculación dos profesionais á Área de Coñecemento de Nutrición e Bromatoloxía da Universidade.

Neste sentido a Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela cumpre de forma moi satisfactoria con estas recomendacións grazas á determinación do propio Centro, o compromiso da Universidade e a colaboración de numerosas institucións implicadas:

- A Facultade conta co Hospital Veterinario Universitario Rof Codina cuxo obxectivo primordial se centra na colaboración coa docencia da Facultade, prestación de servizos e colaboración e fomento da investigación (<https://rofcodina.org/>).
- O *Campus Terra* (<https://www.usc.gal/gl/campusterra>) é a sede da aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias (APLTA) pertencente á Universidade de Santiago de Compostela. Esta Planta Piloto de Tecnoloxía de

## Grao en Veterinaria

Alimentos situada a 500 metros da Facultade de Veterinaria é unha Plataforma Tecnolóxica Mixta da Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, e serve de apoio á docencia (<https://aplta.es/>).

- A Facultade de Veterinaria, desde a súa apertura en 1984, utiliza, con fins docentes e de investigación, a Granxa Gayoso Castro (Granxa Campus Terra) da Deputación Provincial de Lugo. Constitúe na actualidade un centro de prácticas docentes fundamental para a Facultade de Veterinaria ([https://www.facebook.com/granxact/?locale=es\\_ES](https://www.facebook.com/granxact/?locale=es_ES)).
- A Facultade de Veterinaria disporá dunha explotación experimental de cría de porco celta tras o acordo da Universidade de Santiago, a Deputación de Lugo e ASOPORCEL (<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/usc-deputacion-lugo-asoporcel-impulsan-explotacion-experimental-cria-porco-celta-finca>). Mentres non se remata a construción desta explotación experimental, a USC firmou un convenio con ASOPORCEL para o uso das súas granxas de explotación na formación dos estudantes da Facultade de Veterinaria de Lugo.

A Facultade mantén convenios coa *Consellería de Sanidade*, a *Consellería de Medio Rural*, a *Consellería do Mar* e a *Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio* da Xunta de Galicia, que contemplan o acceso aos Servizos Públicos Oficiais de Inspección nos seus diferentes ámbitos e laboratorios e institutos asociados, para a realización de Prácticas Tuteladas. Ademais, na actualidade dispónse de convenios con 37 matadoiros para a realización de [Prácticas Tuteladas e Prácticas Externas](#). Neste ámbito é de particular importancia o acordo co Matadoiro Novafrigma do Grupo Coren no municipio de Lugo, un dos centros de procesado de vacún máis importantes de España, que permite a realización de prácticas reguladas correspondentes á materia obrigatoria Hixiene III: Inspección e Control da Carne e Produtos Cárnicos”. O acordo co Grupo Coren, ademais doutras oportunidades, tamén nos deu acceso para a realización de prácticas reguladas no Centro de Procesado Avícola de Santa Cruz de Arrabaldo, en Ourense.

### Orientación académica

A Facultade de Veterinaria conta con diferentes figuras que, xunto cos servizos centralizados na Unidade de Xestión Académica do Campus, permiten unha atención personalizada aos estudantes en calquera momento do proceso formativo.

Estas figuras son:

- Decano do Centro
- Vicedecanato de Calidade; Vicedecanato de Ordenación Docente; Vicedecanato de Prácticas Externas, Relacións Institucionais e Mobilidade
- Secretaría do Centro
- Unidade de Apoio á Xestión
- Coordinación do Grao
- Coordinación de semestre
- Coordinación de prácticas tuteladas
- Alumnos tutores

Os servizos de orientación académica se recollen no [Plan de Acción Titorial](#) do centro, e aínda que os estudantes utilizan os servizos de orientación académica en calquera momento do seu proceso formativo, estes cobran especial importancia no primeiro semestre, cos estudantes de novo ingreso, para os que o Centro dispón dun plan de acollida e orientación ([Programa de acollida](#)). Así, o primeiro día do curso prográmase unha sesión informativa especial a cargo do equipo decanal ao que acoden tamén o profesor coordinador do primeiro semestre e os alumnos tutores. Nela explícanse os detalles do funcionamento da Facultade, as orientacións xerais do plan de estudos, as diferentes normativas, facendo especial fincapé nas normativas de permanencia e avaliación do rendemento académico, consellos sobre matrícula, mecanismos de atención a necesidades educativas especiais, sistema de garantía de calidade, etc., e faise un percorrido sobre a páxina web da Facultade indicando onde se atopa toda a información. Para finalizar, explícaselles a quen poden recorrer ante calquera necesidade de orientación, resaltando neste caso especialmente a figura da profesora coordinadora do primeiro semestre e dos alumnos tutores.

Dentro das actividades de titorización e orientación laboral agroma unha nova iniciativa que é a creación de “Aulas de formación da Facultade de Veterinaria” nas que se organizan actividades, para aqueles estudantes interesados, que

## Grao en Veterinaria

promoven unha maior formación nun sector laboral concreto e, especialmente, un contacto directo do alumnado con profesionais que traballan nese eido. Dentro desta actividade poñeranse en marcha no curso 2023-24 a “Aula de porcino” e a “Aula de ruminantes” ([GrV-AM-07, 2023-2024](#)).

### Servizo de Orientación Profesional

Desde o curso 2004-05, o Centro organizou Xornadas de Orientación Laboral dirixidas principalmente a alumnos dos últimos cursos do Grao. Pero, ademais, contamos tamén coa participación da responsable da área de Orientación Laboral e Emprego do Campus de Lugo que lles informa sobre o modo de preparar un *Curriculum* ou de afrontar unha entrevista de traballo, e da [Área de Orientación Laboral e Emprego da USC](#).

### Servizos de atención ao estudante

Ademais dos sistemas xerais de información da USC centralizados na Unidade de Xestión Académica do Campus, os estudantes da Facultade de Veterinaria teñen servizos onde se realiza unha atención personalizada:

- Secretaría do Centro.
- Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos.

Desde a Unidade estamos a traballar en potenciar o uso da páxina web da Facultade e o correo electrónico, como medios de acceso á información dos estudantes, todo iso sen prexuízo de que o estudantado se dirixa ás nosas dependencias co fin de resolver problemas concretos.

A xestión académica na Universidade de Compostela está centralizada nas Unidades de Xestión Académica (UXA) das que hai unha en cada Campus; nelas realízanse todos os trámites relativos a documentación académica, expedición de certificacións, solicitudes de recoñecementos e traslados, etc. Son responsabilidade dos Centros os trámites propios dos plans de estudos das titulacións que ofertan. No caso do Grao de Veterinaria a organización das Prácticas Tuteladas e Externas, as actas dos Traballos Fin de Grao, e o recoñecemento de cualificacións de alumnos propios nos programas de mobilidade.

### Instalacións onde se realizan as Prácticas Tuteladas e Prácticas externas

As empresas e centros externos colaboran voluntariamente coa facultade sen que medie unha relación contractual que obrigue a realizar unha comprobación *in situ* das infraestruturas tecnolóxicas dispoñibles nin dos servizos prestados; ademais, o seu elevado número e dispersión xeográfica fano totalmente inviable. No entanto, lévase a cabo un control da calidade grazas, fundamentalmente, ao labor da coordinación académica das prácticas tuteladas. Iso permítenos comprobar, entre outras cousas, que as instalacións e actividade destas institucións se adecúan aos requisitos para a consecución das competencias.

A valoración negativa dos centros onde os estudantes realizaron as prácticas externas, ben sexan expresadas de forma verbal ou incluídas nas propias memorias finais, permiten aos coordinadores recoñecer as deficiencias, comunicalas e contrastalas co centro de destino (contactando telefonicamente co coordinador profesional) e, se se comproba a motivación da queixa, dándoo de baixa da listaxe de centros ofertados pola Facultade.

Hai que resaltar que o grao de satisfacción dos estudantes coas prácticas tuteladas externas é moi elevado se nos atemos á súa valoración nos últimos anos, o cal é indicativo de que as empresas, profesionais e centros colaboradores contan cos medios materiais e humanos apropiados.

---

### Accións de mellora e puntos a destacar

Puntos a destacar: Os alumnos dispoñen de moitos recursos para poder realizar os seus estudos de forma axeitada. Os recursos postos a súa disposición no centro e pola Universidade en xeral (Biblioteca, Intercentros, Cactus...) cobren moitas necesidades dos estudantes. As aulas están xa perfectamente arranxadas e á disposición do alumnado. Aínda así, quedan traballos de mantemento e reparación das instalacións que están pendentes. As xestións burocráticas e limitacións de fondos para estas reparacións impiden executalas de forma eficiente. Ademais, é necesario manter unha renovación e adquisición de recursos materiais utilizados directamente na docencia para garantir a funcionalidade e actualización dos mesmos ([GrV-AM-04, 2023-2024](#)).

## Grao en Veterinaria

A falta de granxas docentes/experimentais de diferentes especies fai que se teñan que utilizar granxas particulares para as prácticas das materias no marco de acordos coa facultade. Soamente contamos na actualidade coa granxa de vacún de leite, que demostrou ser unha ferramenta fundamental que permitiu mellorar claramente a docencia práctica nesta especie. En camiño está conseguir granxas con outras especies que poderán ser un novo recurso para mellorar a aprendizaxe.

Acción de mellora: para o curso seguinte proponse a posta en marcha das “Aulas de formación da Facultade de Veterinaria” concretas dentro do plan de acción titorial, comezando polas “Aula de porcino” e “Aula de ruminantes”, para unha formación específica e titorización de estudantes interesados en sectores produtivos concretos, promovendo a orientación profesional cara a produción e o contacto dos estudantes con profesionais que traballan neses eidos específicos. ([GrV-AM-07, 2023-2024](#)).



## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### **6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os resultados da aprendizaxe, tal e como reflicte a Memoria do Grao en Veterinaria, así como os diferentes informes de seguimento do título, avalíanse a través das competencias asignadas: Xenéricas, Disciplinares, Profesionais, Académicas e Transversais.

As actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación están debidamente explicados nas guías docentes das materias do Grao. Nelas enuméranse todas as competencias asignadas a cada materia, o temario, desenvolvemento práctico e sistema de avaliación empregado, axustándose razoablemente ao obxectivo da súa adquisición. Antes de finalizar o Curso Académico, e en previsión do seguinte, cada Guía Docente é revisada polo profesorado implicado, e posteriormente pola Comisión de Grao – que verifica a coherencia do seu contido en relación co establecido na memoria de verificación do título e cos criterios establecidos en Xunta de Facultade e, de ser o caso, devolve aos profesores a relación de correccións necesarias –, aprobada polo Departamento correspondente e remitida ao Centro para a súa aprobación en Xunta de Facultade.

Nas reunións de valoración semestral revísanse, entre outros aspectos, a adquisición por parte do alumnado das competencias características do título, que se corresponden coas profesionais. Ademais, estes aspectos que se analizan nas reunións de valoración semestrais téñense en conta de cara á revisión e mellora do plan de estudos.

Os indicadores utilizados para a consecución da acreditación europea do título serven tamén como instrumento para avaliar a idoneidade da docencia para a consecución das competencias do grao. Todos os indicadores referentes a número de prácticas, prácticas clínicas e prácticas de seguridade alimentaria e saúde pública (I4, I5 e I6) son superiores ao valor mínimo requirido, e tamén ao valor medio do indicador para todas as facultades asociadas. O número de casos intra- e extramuros de animais de compañía, ruminantes, porcos, cabalos e outras mascotas (I8-I16) tamén está por riba dos valores mínimos, igual que o número de necropsias de animais de compañía, de ruminantes e porcino, de cabalos e outras mascotas (I17 – I20). Os dous indicadores que proporcionaron valores negativos o curso pasado con respecto á referencia de 2019: as prácticas extramuros de seguridade e calidade alimentaria e saúde pública (I7) e as necropsias de ruminantes e porcos (I18) neste curso xa tiñan un valor positivo, que indica que as medidas que se estableceron, como a modificación dalgunhas actividades docentes e acordos con empresas destes sectores conseguiron mellorar a calidade da formación do estudantado. Aínda que neste momento os nosos indicadores están por riba dos valores mínimos, dada a pouca marxe de diferenza, é conveniente reforzar o número de casos de equino

## Grao en Veterinaria

e porcino, e o número de necropsias en ruminantes, equino e porcino.

Dispoñemos dalgunhas taxas que axudan a estimar os resultados da aprendizaxe, e que xa estaban recollidas na memoria de verificación do título; a taxa de éxito (IN35G) cun valor de referencia na memoria do título do 75%, mostra de maneira constante valores promedio para a totalidade do grao por riba do 80%, nos cursos 2021-22 e 2022-23 volvemos a ter valores similares aos cursos previos á pandemia. O 2019-20, excepcionalmente, tiñamos unha porcentaxe por riba do 95%, a sospeita de que se debeu á realización dos exames de forma telemática por mor da crise sanitaria e o confinamento causado pola COVID-19, parece apoiada polo feito de que os valores da taxa volveron a niveis pre-pandemia desde o curso 2020-21:

<b>IN35G</b>	<b>2018-19</b>	<b>2019-20</b>	<b>2020-21</b>	<b>2021-22</b>	<b>2022-23</b>
1º curso	78,23	92,09	72,82	75,07	<b>78,40</b>
2º curso	83,09	98,90	81,67	79,89	<b>77,43</b>
3º curso	81,97	97,68	83,55	82,85	<b>85,53</b>
4º curso	82,31	95,43	81,92	79,56	<b>78,76</b>
5º curso	89,58	94,99	92,42	90,16	<b>87,03</b>
<b>Total (%)</b>	<b>83,05</b>	<b>95,84</b>	<b>82,57</b>	<b>81,27</b>	<b>81,07</b>

A taxa de éxito adoita ser máis baixa nos primeiros cursos, probablemente pola adaptación aos estudos universitarios dos novos estudantes. En xeral, a taxa de éxito por materias varía, pero non mostra valores alarmantemente baixos para ningunha delas de forma continuada nos últimos cursos académicos. Destacar que no curso 2020-21 algunhas materias informaron nas reunións semestrais de taxas de éxito baixas con respecto a anos anteriores, como se observa tamén no INF17, para as que non atoparon explicación. É posible que a excepcionalidade do curso 2019-20 repercutise no nivel académico dos nosos estudantes e que lles dificultase afrontar novos coñecementos sen unha boa base inicial ou que a continuación da situación excepcional durante o 2020-21 afectase ao rendemento dos estudantes. No curso 2021-22 a taxa de éxito nas materias máis afectadas por esta caída de valores post-pandemia, tivo valores similares aos anteriores ao curso 2019-20 (comparación no INF17 cos cursos 2021-22 e 2020-21). Neste curso 2022-23 a taxa de éxito da gran maioría das materias mantívose similar á do curso 2021-22, exceptuando 7 materias (6 básicas ou obrigatorias, 1 optativa) que tiveron unha baixada de máis de dez puntos con respecto ao curso anterior e que debemos ter en conta nos vindeiros cursos.

A taxa de rendemento (IN34G) seguiu un curso ascendente, alcanzando valores máximos do 81% no 2015-16, e dende o curso 2016-17 estabilizouse, cun promedio para o grao próximo ao 79%. O curso 2019-20 observamos un importante incremento que se atribuíu á adaptación académica á pandemia do COVID-19. Neste curso atopámonos cun nivel lixeiramente inferior aos valores pre-pandemia e cunha tendencia descendente que debemos revisar nos vindeiros cursos, probablemente como corrección ao valor anormalmente alto do curso 2019-20:

<b>IN34G</b>	<b>2018-19</b>	<b>2019-20</b>	<b>2020-21</b>	<b>2021-22</b>	<b>2022-23</b>
<b>Total (%)</b>	<b>78,51</b>	<b>93,38</b>	<b>78,06</b>	<b>76,35</b>	<b>75,51</b>

Finalmente, a taxa de avaliación (IN36G) ten promedios para a totalidade do título por riba do 90%, mantendo valores similares aos dos cursos previos ao 2019-20, Consideramos que os resultados son certamente satisfactorios.

<b>IN36G</b>	<b>2018-19</b>	<b>2019-20</b>	<b>2020-21</b>	<b>2021-22</b>	<b>2022-23</b>
<b>Total (%)</b>	<b>94,53</b>	<b>97,43</b>	<b>94,54</b>	<b>93,95</b>	<b>93,15</b>

Estas taxas están, sen dúbida, influídas polas metodoloxías docentes e de avaliación, destacando o recoñecemento pola USC da innovación docente realizada no noso centro, segundo a convocatoria de 2022, no que se recoñece a innovación docente dende o 1 de xaneiro de 2020 ao 30 de outubro de 2022.

Segundo a normativa vixente, e vista a solicitude presentada pola Universidade de Santiago de Compostela de adscrición ao nivel 3 (máster) do MECES do título de "Graduado en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela",

## Grao en Veterinaria

comprobado o cumprimento das condicións requiridas para alcanzar a referida adscrición, e recibido o informe favorable da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), o Consello de Universidades, na súa sesión do día 18 de decembro de 2014, resolveu adscribir ao nivel 3 (máster) do MECES o título oficial de Graduado en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela con data 22 de decembro de 2014.

---

### Accións de mellora e puntos a destacar

Acción de mellora: Aumentar o número de casos e necropsias de équidos e porcino para reforzar os indicadores da EAEVE nestas especies. É necesario contactar cos departamentos e HVURC para buscar estratexias de reforzo da casuística anual ([GrV-AM-06, 2023-2024](#)).

## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### **7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### **INDICADORES DE DEMANDA**

O Grao en Veterinaria goza dunha demanda moi grande dentro das titulacións do sistema Universitario Galego, con 962 solicitudes segundo o informe da CIUG do curso 2022-23. As prazas ofertadas (IN01G) foron 110. O número de estudantes que finalmente accede como matrícula de acceso (IN03G) superou o número de prazas ofertadas, 120 no curso 2022-23, oscilando entre un mínimo de 115 estudantes e un máximo de 123 nos últimos 5 anos. O número de matrícula de novo ingreso por preinscrición foi de 113 (IN04G).

Segundo os datos do Ministerio de Educación obtidos da páxina web "Qué estudiar y dónde en la universidad ([QEDU](#))" o Grao en Veterinaria sitúase por nota de corte, de entre todos os graos de Galicia, no posto 11 de 164 no curso 2022-23 e como número 1 de 5 dentro do ámbito de Agricultura e Veterinaria, o cal é unha boa mostra da súa demanda. Dentro de España e no mesmo ámbito, ocupa o posto 7 de 80 graos.

A porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a 6 (IN07G) sempre foi do 100% en tódolos anos. A nota media de acceso por preinscrición (IN06G) experimentou nos últimos cursos un ascenso, alcanzando no curso pasado a nota máis alta de 12,03, que baixou lixeiramente ata 11,88 no curso actual o que dá boa mostra da consolidación e demanda do grao.

#### **INDICADORES DE RESULTADOS**

A taxa de eficiencia (IN53G) mantense entre o 80 e o 90% entre os cursos 2018-19 e 2022-23. Neste curso 2022-23 observamos outro lixeiro aumento, rozando o 90% que parece confirmar o cambio de tendencia o ir recuperando a normalidade académica cara o que viña sendo habitual nestes estudos, tras unha lixeira diminución no 2019-20:

IN53G	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Total (%)	87,14	81,35	83,06	86,54	89,8

A taxa de graduación (IN37G) situouse no 57,14 % no curso 2022-23, tras alcanzar o valor máis alto o curso pasado volve a valores prepandemia, entre o 50-60%, o que demostra o sinalado no informe de seguimento do curso pasado sobre o efecto da pandemia na taxa de graduación. Ademais, case se duplica o obxectivo marcado na memoria do Grao, onde se establecía nun mínimo do 30%. Este valor sitúase xa por riba dos obtidos na antiga Licenciatura en Veterinaria, o cal dá mostra do razoable avance do grao, e a efectividade da docencia impartida, posto que unha boa parte do

## Grao en Veterinaria

profesorado e infraestruturas son as mesmas. Porén, é unha demanda de todas as Facultades de Veterinaria de España diante do Ministerio de Educación, a necesidade de contar con 30 ECTS adicionais aos 300 actuais, que permitirían desenvolver a formación práctica preprofesional do último semestre sen afectar ao resto do programa formativo nos 9 semestres anteriores; non hai dúbida de que a compresión á que hai que someter os contidos de tódalas materias por esta causa afecta á progresión dos estudantes e, por tanto, aos valores que se desprenden deste indicador.

IN37G	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
<b>Total (%)</b>	56,44	67,65	70,93	82,89	57,14

Na memoria de verificación do título estimábase que a taxa de abandono debería de estar por baixo do 15%. A análise deste indicador, tanto en relación á taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G), con valores sempre ben por baixo dese mínimo, alcanzando un valor especialmente baixo de 2,41 no curso 2021-22, como a taxa de abandono segundo o RD 1393 (IN41G), cun valor tamén especialmente baixo no curso 2021-22 do 5,26 %. Neste curso suben ambos valores, 7,79% o IN40G e 9,52% o IN41G, pero manténdose aínda por debaixo do 10% e dos valores previos á pandemia. Estes indicadores arrojan resultados que podemos cualificar como moi bos, dado que se considera que sempre vai existir un número mínimo de abandonos (e sitúanse por baixo da media da USC, como xa se comentou no apartado 4 do criterio 1).

IN40G	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
<b>Total (%)</b>	0,00	7,14	8,43	2,41	7,79
IN41G	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
<b>Total (%)</b>	13,86	13,73	10,47	5,26	9,52

Finalmente, hai que sinalar que a duración media dos estudos estimouse na memoria do Grao en 7,5 anos. Trala análise do correspondente indicador (IN38G) que parte dos 5,00 anos no curso 2014-15, por coincidir coa primeira promoción do grao, destacar que foi subindo ata alcanzar case os 6 anos no 2017-18. No curso 2019-20 acadou un valor de 6,2 anos, cremos que debido ao aumento do número de egresados no curso de avaliación telemática pola pandemia, que fixo que rematasen o grao estudantes que xa levaban máis anos matriculados. Así, no actual curso seguiu reducíndose a duración media dos estudos alcanzando o nivel máis baixo dos últimos anos, de 5,62%. Estes valores son claramente inferiores aos referidos na memoria do título.

IN38G	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
<b>Total</b>	5,73	6,20	6,06	5,88	5,62

Anualmente faise un seguimento dos indicadores de demanda e resultados para comprobar que cumpran os mínimos establecidos na memoria do título e que a traxectoria de variación non indica un empeoramento significativo da calidade. Para o curso 2022-2023, esta análise indica que non se precisan medidas correctoras.

### 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

## Grao en Veterinaria

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

#### Satisfacción do alumnado e do profesorado coa docencia

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida mantense a un nivel moi alto, con valores medios nas enquisas de satisfacción desde o curso 2016-17 por encima de 4 puntos sobre un máximo de 5, para alcanzar o nivel máis alto neste curso 2022-23 con 4,3 puntos, lixeiramente superior ó do curso 2018-19 (IN46G).

IN46G	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
<b>Total</b>	4,28	4,09	4,23	4,07	4,3

A pesar destes datos positivos, a taxa de resposta á enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN48G), no curso 2018-19 é a máis baixa dos cursos referidos no indicador. A acción de mellora que se propuxo no 2016-17 precisamente para intentar aumentar a porcentaxe de participación, deu froito xa que no ano seguinte a taxa de resposta subiu do 25,26% ata o 31,85%. Afortunadamente, tras o retroceso que tivemos no curso 2018-19, volvemos a apreciar unha importante subida no curso 2019-20, alcanzado a porcentaxe máis alta de resposta ás enquisas cun 33,23%; desde entón a porcentaxe de respostas está a diminuír, 24,12% neste curso, feito que temos que ter en conta porque as actividades encamiñadas a fomentar o compromiso do alumnado coa calidade da titulación mediante a participación nas enquisas de satisfacción se realizaron tamén nestes cursos.

IN48G	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
<b>Total (%)</b>	22,99	33,23	31,46	30,48	24,12

Igualmente, a satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas (IN19G) é máis que notable e no presente curso temos unha puntuación de 4,49.

Neste curso recolléronse por segunda vez os datos de satisfacción coas actividades postas a disposición dos estudantes no laboratorio de habilidades clínicas, que acadou un valor global de 4,5 puntos nunha escala de 1 a 5 (todos os módulos nun rango de 4,3-4,9), cun total de 829 visitas e unha taxa de participación nas enquisas do 16,6%. É posible que a redución da taxa de participación nas enquisas neste curso se deba a un cambio na forma en que as enquisas se poñen a disposición dos estudantes; tentárase unha volta ao sistema anterior, aínda que o alto número de visitas dificulta unha distribución personalizada.

Ademais, os resultados da enquisa propia dirixida a recoller información sobre a materia "Rotatorio Clínico Hospitalario", aplicada a estudantes desta materia por primeira vez no curso 2022-23, indican que a satisfacción media é de 4,43 sobre 5, cunha participación do 56,4%.

En relación coa satisfacción do profesorado coa docencia impartida, os resultados obtidos son tamén bos, con valores próximos aos 4 puntos nos últimos cursos, observándose un descenso no curso 2019-20 que tamén cremos que pode estar relacionados coas dificultades que tivemos para poder realizar unha docencia telemática de calidade durante o período de confinamento pola COVID-19; a progresiva recuperación da normalidade académica no curso 2020-21 fixo que aumentase o grado de satisfacción, tendencia que sigue á alza xa que este ano tivemos 4,37, o nivel máis alto dos últimos anos (IN47G), cunha participación do 60,43% (INF.14), tamén a mellor dos últimos anos.

IN47G	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
<b>Total</b>	4,29	3,98	4,05	4,31	4,37

#### Satisfacción de egresados e outros grupos de interese

En relación o nivel de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (IN42G) temos un valor de 3,35, similar ao resto de cursos dos que temos información, os datos desagregados para o Grao en Veterinaria (INF09) do curso 2022-23 revelan

## Grao en Veterinaria

que hai moi poucas enquisas cubertas que dean valor aos resultados obtidos (participación do 8,33% e 5,88% no primeiro e segundo semestre, respectivamente).

A satisfacción doutros grupos de interese engloba como un colectivo de especial importancia aos titores profesionais en relación cos programas de prácticas externas. A satisfacción deste colectivo de titores externos (IN20G) mantense por riba de 4 sobre 5 nos últimos cursos, con 4,3 puntos no presente curso 2022-23, que pode considerarse un valor óptimo, menor que nos cursos pasados pero cunha mellor taxa de participación, do 35,56%, máis de vinte puntos superior ca do curso pasado (INF07).

IN20G	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Total	4,40	-	4,53	4,62	4,3

A docencia depende deste persoal externo á Universidade para completar o plan de estudos. No Grao en Veterinaria, ademais, procede de moi diversos ámbitos, xa sexa clínico, da produción animal ou da inspección e control alimentario. Deste xeito o mantemento dunha alta satisfacción é garantía do sostemento destes programas de prácticas, o cal é crítico e máis cando o número de estudantes é alto.

Pola contra, non temos o valor do indicador de satisfacción dos/as titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas (IN21G). Sen embargo, a valoración global que figura no INF.08 para o curso 2022-23 é de 4,27, similar á do curso anterior, de 4,28, o que indica unha estabilización deste valor despois da baixada con respecto ao curso 2020-21, no que alcanzou un valor de 4,45. Destacar que o ítem peor valorado en cursos anteriores, que era o referente a “comunicación e coordinación coa institución/empresa e os responsables profesionais”, cunha puntuación de 3,64 no curso 2021-22, acadou no curso 2022-23 unha valoración de 4,35.

IN21G	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Total	4,76	-	4,14	4,09	-

Tendo en conta a diversidade de centros de destino, é recomendable ter información de primeira man dos titores profesionais que, no caso do Grao en Veterinaria, se recolle a través do contacto cos coordinadores das prácticas tuteladas, e que, en xeral, indica un alto grao de satisfacción co desempeño das actividades polos nosos estudantes. Aínda así, en próximos cursos aumentarase o contacto dos titores académicos cos titores profesionais, como se recolle no novo regulamento de prácticas tuteladas. Un dos aspectos a mellorar que pode facilitar a coordinación nestas materias de prácticas tuteladas é a elaboración dun plan de traballo do estudante máis detallado para cada destino, do que estean informados tanto o titor académico como o profesional, acción de mellora que continúa neste ano ([GrV-AM-02, Curso 2022-2023](#)). En relación con este tema, estímase adecuado realizar no curso 2023-24 un curso para o profesorado do centro sobre organización e titorización deste tipo de materias.

O grao de satisfacción dos grupos de interese supera o 4/5 en xeral, aínda que cando se detecta algún aspecto no que o grao de satisfacción é máis baixo, como foi o caso do contacto dos titores académicos cos profesionais, establécense accións de mellora ou cambios nos regulamentos internos.

### 7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

## Grao en Veterinaria

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

IN50G: Taxa de éxito dos egresados: 91,64% (curso 2022-23), 88,01% (curso 2021-22), 85,6% (curso 2020-21), 81,36% (curso 2019-20) e 87,14% (curso 2018-19). Obsérvase como os valores seguen mellorando e son superiores aos dous cursos previos á pandemia. No curso 2019-20 apreciamos unha baixada que cremos que se debe a que remataron o grao un maior número de estudantes que xa levaban varios anos matriculados e que fixeron que empeorase tanto este indicador, que leva mellorando desde o curso 2020-21, e alcanzou o nivel máis alto neste curso.

IN51G: Taxa de idoneidade na graduación: 45,78% (curso 2022-23), 39,29% (2021-22), 47,67% (2020-21), 53,92% (curso 2019-20) e 35,64% (curso 2018-19). A taxa máis elevada, por riba do 50%, foi a do curso 2019-20, aínda que pensamos que as condicións académicas condicionadas pola COVID-19 que tivemos poden influír neste resultado. Tras o descenso que observamos no curso pasado este ano os valores xa volven ser similares aos obtidos no curso 2020-21.

IN53G: Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados): 89,8% (curso 2022-23), 86,54% (curso 2021-22), 90,82% (curso 2020-21), 81,35% (curso 2019-20) e 87,14% (curso 2018-19). Novamente observamos uns niveis similares aos cursos precedentes analizados, pese á baixada no curso 2019-20 posiblemente pola situación asociada á COVID-19.

Os datos máis recentes de inserción laboral dos nosos titulados que figuran no informe EIL-SIIU proporcionan valores de 78,95 %, para as taxas de inserción laboral ao 4º ano tras a finalización dos estudos, sen cambios destacados con respecto aos anos precedentes. No informe EIL-ACSUG a porcentaxe de graduados no ano 2015 que estaban traballando en xaneiro a marzo do 2021 foi do 81%.

Taxa de afiliación á seguridade social (SIIU)	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
2º ano tras graduación	73,68	68,66	77,78	78,95
4º ano tras graduación	84,21	83,58	72,84	78,95

Os datos do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades indican que o 92% dos nosos egresados teñen un contrato como veterinarios titulados, o 76,9% teñen un contrato indefinido. A taxa de afiliación á seguridade social é do 77,3% o 4º ano despois da súa graduación, e un 9,3% son autónomos ([QEDU](#)). Estes datos son similares aos obtidos a nivel nacional que indican que o 80,2% dos veterinarios graduados no curso 2017-18 no 2020 tiñan un contrato indefinido e unha taxa de afiliación á seguridade social do 74% ([QEDU](#)).

Tendo en conta que a inserción laboral, aínda que elevada, é mellorable, a participación dos membros do Comité Consultivo Externo, como órgano de asesoramento establecido no SGC é unha vía importante para realizar unha prospección de cara a mellorar o éxito laboral dos nosos titulados. Os membros deste Comité Consultivo proveñen de distintos ámbitos do exercicio da profesión veterinaria e estase a desenvolver un programa de sesións divulgativas por parte destes profesionais para dar a coñecer aos grupos de interese o amplo rango de saídas profesionais desta titulación, o cal pode fomentar a inserción laboral e o éxito profesional dos nosos egresados, e forma parte do PAT do centro.

### Accións de mellora e puntos a destacar

*“Proposta de mellora”:* *A valorar como posible acción de mellora na Memoria de Calidade do centro.*

Punto a destacar: A participación dos títos profesionais externos nas enquisas de satisfacción incrementouse considerablemente este ano, o que pode ser reflexo de que o contacto cos profesionais externos desde o centro fixo que se sentisen parte integrante do sistema educativo e, polo tanto, máis dispostos a responder as enquisas.

Proposta de mellora: curso para o profesorado do centro sobre organización e titorización de materias de prácticas externas



# Grao en Veterinaria

3. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
<p>- Reorganización das horas nas actividades formativas das fichas das materias:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Tecnoloxía alimentaria II: Tecnoloxías Específicas dos Alimentos de Orixe Animal</li><li>• Epidemioloxía, medicina preventiva e policía sanitaria II</li></ul>	<p>Cambios da distribución de horas nas actividades formativas das materias Tecnoloxía alimentaria II: Tecnoloxías Específicas dos Alimentos de Orixe Animal (G2091332) e Epidemioloxía, medicina preventiva e policía sanitaria II (G2091522). A presencialidade mantense dentro dos límites establecidos na Memoria de Grao. Estes cambios son relevantes para acadar os valores mínimos no indicador de prácticas extramuros de seguridade e calidade alimentaria e saúde pública veterinaria esixido para a acreditación europea do título pola European Association of Establishments for Veterinary Education (EAEVE). Co fin de que se xustifiquen estes cambios ante os avaliadores externos na visita programada para marzo de 2025, os cales terán en conta os tres cursos anteriores á visita, o centro solicitou que estes cambios estivesen recollidos na PDA do curso 23-24. Estes cambios nas actividades formativas de materias obrigatorias non supoñen un cambio na natureza, obxectivos ou características fundamentais do título.</p>

## Grao en Veterinaria

4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Cráterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1 <a href="#">Enquisa propia sobre perfil de ingreso</a> (resultados na intranet institucional)
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<a href="#">URL do título</a>
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	<a href="#">E5 Actas Comisión GrV 21-22 22-23</a> <a href="#">E5 Actas CCC 21-22 22-23</a> <a href="#">Enlace web</a>
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	<a href="#">E6 recoñecementos Veterinaria 2022-23</a>
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2502225_P.Ind_2022-2023
			2502225_INF.16_2022-2023
			2502225_INF.CiUG_2022-2023
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	2502225_I2_2022-2023
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de	2502225_P.Ind_2022-2023

## Grao en Veterinaria

		estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2502225_INF.03_2022-2023
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	<a href="#">URL da USC</a>
			<a href="#">URL do Centro</a>
			<a href="#">URL do título</a>
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<a href="#">URL do Centro</a>
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	<a href="#">URL do Centro</a>
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="#">URL do Centro</a>
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 <a href="#">Resultados de enquisas propias (LHC, Rotatorio)</a> na intranet institucional
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2502225_P.Ind_2022-2023
			2502225_INF.04_2022-2023
			5070_INF.05_2022-2023
			2502225_INF.06_2022-2023
			2502225_INF.07_2022-2023
			2502225_INF.08_2022-2023
			2502225_INF.09_2022-2023
			5070_INF.10_2022-2023
			5070_INF.11_2022-2023
			2502225_INF.13_2022-2023

## Grao en Veterinaria

			2502225_INF.14_2022-2023
			5070_INF.21_2022-2023
			2502225_INF.22_2022-2023
			2502225_INF.23_2022-2023
			2502225_Informe_de_indicadores_2022-2023
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2502225_P.Ind_2022-2023
			2502225_Informe_de_indicadores_2022-2023
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2502225_E15_2022-2023
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5070_E16_2022-2023
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ... )	Autoinforme, Criterio 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5070_I6-17_2022-2023
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5070_I6-17_2022-2023
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )	2502225_INF.13_2022-2023
			2502225_INF.14_2022-2023
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5070_I10_2022-2023
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<a href="#">URL do Centro</a>
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	<a href="#">URL do Centro</a>
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas	<a href="#">E20 listaxe de convenios prácticas externas</a>

## Grao en Veterinaria

		externas curriculares ou extracurriculares	
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	<a href="#">I11a destinos estancias clínicas e non clínicas 22-23</a> <a href="#">I11b listado destinos prácticas externas 22-23</a>
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, polo menos, os últimos cursos académicos (título, titor y cualificación)	<a href="#">E24 listaxe de TFGs 22-23</a> <a href="#">Propostas TFG 22-23</a>
6	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	2502225_INF.15_2022-2023
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2502225_P.Ind_2022-2023
			2502225_INF.17_2022-2023
			2502225_INF.18_2022-2023
			2502225_INF.19_2022-2023
			2502225_INF_SIIU_2022-2023
			2502225_Informe_de_indicadores_2022-2023
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2502225_P.Ind_2022-2023
			2502225_INF.CiUG_2022-2023
			2502225_Informe_de_indicadores_2022-2023
7	I14	Resultados de inserción laboral	2502225_EIL-SIIU_2022-2023 2502225_EIL-ACSUG_2022-2023
1,4,5	I15	Media de estudantes por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	2502225_P.Ind_2022-2023 2502225_Informe_de_indicadores_2022-2023 2502225_MedUSC_cursocelda

\*Ver a información pública mínima que debe estar publicada na web (atópase na guía de seguimento/acreditación, pax. 35).

### 5. Plan de mellora

## Grao en Veterinaria

### 5.1. Acci3ns de mellora abertas durante o curso 2022-2023

Das acci3ns de mellora que se relacionan a continuaci3n, continuar3n abertas no curso 2023-2024 as seguintes:

- Criterio 1
  - GrV-AM-01, 2022-2023
  - GrV-AM-02, 2022-2023
  - GrV-AM-07, 2022-2023
  - GrV-AM-11, 2022-2023
- Criterio 3
  - GrV-AM-09, 2022-2023
- Criterio 5
  - GrV-AM-06, 2022-2023
  - GrV-AM-10, 2022-2023
- Criterio 6
  - GrV-AM-03, 2022-2023

As outras acci3ns de mellora que se se abriron no 2022-2023 est3n finalizadas.

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-01 (Curso 2022-2023)</a>
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	A adaptación continua aos cambios impostos polas novas necesidades de formación dos nosos estudantes require periodicamente unha revisión da coordinación de contidos e competencias para garantir a competitividade dos nosos egresados. Faise un cambio na estratexia de traballo para seguir avanzando nesta tarefa. Continuación da acción de mellora GrV-AM-5 do curso 2021-22.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Creación dun grupo de traballo coa finalidade de optimizar a coordinación de competencias e contidos impartidos en materias relacionadas, así como a avaliación por competencias. Indicador: grupo de traballo. Meta: dúas reunións para organizar o funcionamento do grupo antes de fin do 2023.
<b>Datas</b>	Finalización: 31/12/2024 ; Inicio: 01/05/2023
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
<b>Responsables</b>	--
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">GrV-AM-01</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	Estableceuse un sistema de traballo para mapeo das competencias a día 1 do Grao en Veterinaria: recollida de información, análise polo grupo de traballo, e coordinación e subsanación de deficiencias. Celebrouse unha primeira reunión cos coordinadores das áreas dos departamentos con sede na Facultade de Veterinaria, o equipo decanal, a coordinadora do grao e a coordinadora de calidade o 27 de xuño. O 28 de xullo de 2023 tiñase recibida a información aportada por estas áreas. Nunha segunda fase de traballo

## Grao en Veterinaria

	pediuse aos coordinadores do resto das materias que aportasen datos sobre as competencias traballadas nesas materias.
Data Comprobación	03/10/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--



## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	GrV-AM-02 (Curso 2022-2023)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	A descrición dos plans de traballo en centros de destino das materias de estancias clínicas e non clínicas debería explicar con máis detalle as actividades a realizar nalgúns dos acordos.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Mellorar a descrición dos plans de traballo no centro de destino nos acordos das materias de estancias. Indicadores: Número de empresas que indican tarefas específicas dentro do plan formativo xeral. Meta: 10% dos anexos anuais.
<b>Datas</b>	Finalización: 30/12/2024 ; Inicio: 01/09/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
<b>Responsables</b>	--

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	GrV-AM-03 (Curso 2022-2023)
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
<b>Análise causa</b>	Para a avaliación axeitada dos estudantes de Grao en Veterinaria, a axencia de acreditación europea (EAEVE) require o deseño, aplicación e avaliación de dous rexistros das competencias a día un adquiridas polo estudiantando antes da súa graduación: un rexistro para as competencias adquiridas e avaliadas por persoal académico nas materias obrigatorias, e outro para as competencias adquiridas e avaliadas por persoal non académico (Estancias).
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Deseñar dous documentos (escritos ou online) de rexistro das competencias adquiridas polos estudantes: 1) avaliadas por persoal académico nas materias obrigatorias, e 2) avaliadas por persoal non académico (Estancias). Asemade, deberá elaborar os procedementos de aplicación e da súa avaliación para cada un dos rexistros. Indicadores: sistemas de rexistro de adquisición de competencias habilitados. Metas: dous sistemas de rexistro, un protocolo de execución dos sistemas de rexistro.
<b>Datas</b>	Finalización: 30/12/2024 ; Inicio: 03/07/2023
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
<b>Responsables</b>	--

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-04 (Curso 2022-2023)</a>
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Considérase crítico proporcionar aos nosos estudantes a oportunidade de acadar unha mellor formación en determinados sectores con maior oferta laboral fomentando estancias máis prolongadas en empresas, e incrementando a interacción do estudante e do titor profesional ao combinar a realización do TFG con prácticas externas. Continuación da GrV-AM-05/21-22.
Definición/ descrición proposta	Reforzar as actividades para dar a coñecer aos sectores estratéxicos aos que van orientados os paquetes formativos coordinados das materias de Estancias-TFG e ás empresas implicadas. Indicador: charla informativa sobre paquetes formativos de Estancias-TFG. Meta: unha charla informativa a alumnos de 4º curso exclusivamente sobre paquetes formativos.
Datas	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/09/2022
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 22/12/2023
Responsables	--
Comprobación Acción	<a href="#">GrV-AM-04</a>
Descrición Comprobación	Realizouse o día 15/06/2023 a través da plataforma teams una charla explicativa sobre os paquetes formativos de Estancias-TFG ofertados para o curso académico 23-24. Ademais o día 18/09/2023 realizouse unha reunión presencial para explicar a xestión das prácticas tuteladas e o TFG, e na que se volveu a facer fincapé na información sobre os paquetes formativos ofertados en áreas estratéxicas na profesión veterinaria
Data Comprobación	22/12/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	Continuar realizando as reunións informativas sobre os paquetes formativos

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-05 (Curso 2022-2023)</a>
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Certos aspectos da avaliación do TFG deben ser modificados ou revisados para adaptar o proceso ás condicións actuais no centro (continuación de GrV-AM-06/21-22).
Definición/ descrición proposta	Modificación do Regulamento de TFG. Indicador: novo regulamento de TFG. Meta: aprobación dun novo regulamento de TFG.
Datas	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/09/2022
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 22/12/2023
Responsables	--
Comprobación Acción	<a href="#">GrV-AM-05</a>
Descrición Comprobación	Actualizouse a NORMATIVA DE MATRÍCULA, ELABORACIÓN E DEFENSA DO TRABALLO FIN DE GRAO. O traballo levouse a cabo por parte do secretario da Comisión de TFG e aprobouse na xunta de facultade do 21 de decembro de 2023, despois de ser revisado pola Comisión de Título do Grao en Veterinaria, e a Comisión de Calidade do Centro. Queda pendente a súa aprobación polo Consello de Goberno da USC.
Data Comprobación	22/12/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-06 (Curso 2022-2023)</a>
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	A optimización do traballo dos alumnos titores require contar cun plan anual de actividades que lles axuden a organizar o seu tempo e sirva de reclamo na captación de novos titores cada ano ao coñecer de forma específica as funcións a desempeñar (continuación de GrV-AM-09/21-22).
Definición/ descrición proposta	Plan de actividades para alumnos titores. Indicador: documento que recolla as actividades para alumnos titores. Meta: dispoñible na web do centro un documento no que se indiquen as actividades que realizan os alumnos titores.
Datas	Finalización: 30/07/2024 ; Inicio: 01/09/2022
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	--
Comprobación Acción	<a href="#">GrV-AM-06</a>
Descrición Comprobación	--
Data Comprobación	29/12/2023
Incidencias	Na convocatoria do ano 2023 non se presentou ningún estudante polo que se pospuxo a elaboración do programa para o curso seguinte.
Axustes/Novas Tarefas	Elaboración do programa para os/as alumnos/as titores para o curso 24/25 no que se espera que se presenten alumnos/as á convocatoria.

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-07 (Curso 2022-2023)</a>
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	O establecemento de acordos de mobilidade de estudantes entre universidades é un proceso complexo debido a disparidade de distribución de competencias, contidos e créditos entre materias nos programas formativos das distintas facultades (continuación de GrV-AM-12/21-22).
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Cambio no proceso dos “acordos de mobilidade”: establecer mecanismo dos acordos de mobilidade, a partir do informe elaborado polos profesores da materia ou materias susceptibles de convalidación, e resolución tomada pola Comisión de Título. Indicador: procedemento de acordos de mobilidade. Meta: aprobación do procedemento, inserción do procedemento protocolizado no rexistro de procedementos internos do centro.
<b>Datas</b>	Finalización: 30/07/2024 ; Inicio: 01/09/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
<b>Responsables</b>	--
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">GrV-AM-07</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	O obxectivo desta acción de mellora (continuación de GrV-AM-12/21-22), era establecer un mecanismo para os acordos de mobilidade, a partir do informe elaborado polos profesores da materia ou materias susceptibles de convalidación, e resolución tomada pola Comisión de Título. A xestora académica no segundo semestre do curso 2021-22 e no primeiro do curso 2022-23 iniciou unha revisión das táboas de recoñecemento e finalmente desde o decanato solicitouse aos/as coordinadores das materias a súa revisión para actualizar as táboas de recoñecemento de materias impartidas

## Grao en Veterinaria

	nos Graos en Veterinaria que se imparten en España. O prazo rematou neste mes de decembro.
Data Comprobación	29/12/2023
Incidencias	A AM non puido ser finalizada no prazo previsto, sendo adiada para finais do actual curso académico
Axustes/Novas Tarefas	Prevese que no primeiro trimestre do ano 2024 as taboas de recoñecemento, revisadas e actualizadas polos coordinadores de materia, serán analizadas pola comisión de título do Grao en Veterinaria, tralo cal presentaranse para a súa aprobación na Xunta de Facultade. Por último, ademais da actualización das táboas, cómpre estudar na próxima reunión da Comisión de título do Grao en Veterinaria a conveniencia de establecer algún tipo de procedemento propio do centro, para recoñecementos de estudos non contemplados nas taboas, ou ben manter simplemente o procedemento xeral sinalado na normativa e convocatorias de mobilidade da USC.

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-08 (Curso 2022-2023)</a>
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
<b>Análise causa</b>	Unha vez deseñada a enquisa de satisfacción propia do centro para recadar información específica que axude á mellora das actividades desenvolvidas na materia Rotatorio Clínico Hospitalario, cómpre aplicala para a recollida de datos dos estudantes (continuación de GrV-AM-14/21-22).
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Desenvolver un mecanismo que facilite que os estudantes cubran a enquisa de satisfacción coas prácticas tuteladas do Rotatorio Clínico Hospitalario. Indicador: % de participación en enquisas de satisfacción co rotatorio. Meta: 80 % de participación.
<b>Datas</b>	Finalización: 31/07/2023 ; Inicio: 01/09/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 26/12/2023
<b>Responsables</b>	--
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">GrV-AM-08</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	Durante o curso 22-23 as enquisas estiveron dispoñibles na aula virtual e en formato papel no propio HVURC. Na última sesión do Rotatorio Clínico Hospitalario o profesorado animaba aos estudantes a cubrir a enquisa. Realizáronse 57 enquisas sobre un total de 101 matriculados (participación do 58% ), cunha satisfacción global coa materia de 4,49 sobre 5. Achégase o resumo das enquisas.
<b>Data Comprobación</b>	22/12/2023
<b>Incidencias</b>	--



## Grao en Veterinaria

Axustes/Novas Tarefas	<p>As enquisas fixéronse en impresas en papel para asegurase que as cubrían unha vez finalizada a Rotación. A xestión dos datos e análise dos mesmos precisa que estén dispoñibles en formato electrónico, polo que cómpre elaborar un formulario electrónico ao que podan acceder os estudantes fácilmente a través dun código QR. As enquisas valoráranse conxuntamente na titulación dentro do proceso de análise de resultados e mellora dos programas (PC.-05).</p>
-----------------------	--

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-09 (Curso 2022-2023)</a>
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Coñecer a satisfacción dos estudantes con determinados aspectos do TFG xestionados desde o centro. Ademais, é necesario obter información sobre a utilidade da rúbrica para avaliación que utilizan os tribunais para cualificar os traballos (continuación de GrV-AM-16/21-22).
Definición/ descrición proposta	Elaboración de enquisas de satisfacción do TFG para estudantes e profesores. Indicador: modelo de enquisa de satisfacción. Meta: un modelo de enquisa aprobado pola Comisión de Calidade.
Datas	Finalización: 30/07/2024 ; Inicio: 01/09/2022
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	--
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">GrV-AM-09</a>
Descrición Comprobación	Durante o ano 2023 realizouse unha busca de información sobre a realización de enquisas de satisfacción en xeral, e en particular do TFG. Froito de esta busca, elaborouse un borrador de enquisa que está pendente de aprobación pola comisión de TFG e de calidade do centro.
Data Comprobación	29/12/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	Pasar polas comisións de TFG e calidade do centro o borrador de enquisa elaborado para finalizar a tarefa a principio de 2024 e poder comezar a utilizar a enquisa nos/as alumnos/as que realicen o TFG. Queda pendente, así mesmo, a enquisa para os titores sobre a utilidade da rubrica.

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-10 (Curso 2022-2023)</a>
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	As novas directrices de formación da EAEVE para a titulación do Grao en Veterinaria promoven que nunca se realice un procedemento por primeira vez nun animal vivo, polo que cómpre ampliar as simulacións do Laboratorio de Habilidades Clínicas para proporcionar ferramentas ao estudiantado e profesorado que axuden a implementar estas guías.
Definición/ descrición proposta	Adaptar o Laboratorio de Habilidades Clínicas para dar cobertura ás necesidades formativas coa inclusión de novas actividades. Indicador: número de actividades novas por curso. Meta: dúas actividades novas.
Datas	Finalización: 30/12/2024 ; Inicio: 01/09/2022
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	--
Comprobación Acción	<a href="#">GrV-AM-10</a>
Descrición Comprobación	Ao longo do curso 2022-2023 creáronse no laboratorio de habilidades clínicas as actividades: procedementos clínicos en cabeza de cabalo e vaca, identificación en bovino, resolución de distocias en cadela, estudo estrutural de tecidos e órganos e diagnóstico microscópico de babesiosis canina. Traballouse tamén na mellora continua das guías de traballo e das actividades xa existentes. Rematouse o curso académico con 17 módulos en funcionamento, todos eles con guións de traballo e enquisas de satisfacción dispoñibles para os estudantes. Número de actividades novas no 22-23: 4 Evidencias: Aula virtual do Laboratorio de Habilidades no Campus Virtual do

## Grao en Veterinaria

	Grao en Veterinaria. Breve resumo das actividades e fotografías das simulacións.
Data Comprobación	28/09/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-11 (Curso 2022-2023)</a>
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	As novas directrices de formación da EAEVE para a titulación do Grao en Veterinaria promoven que nunca se realice un procedemento por primeira vez nun animal vivo co fin de garantir o benestar animal. Estas directrices serán unha esixencia para a acreditación do centro como establecemento para formación de veterinarios.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Deseño dunha estratexia para garantir a execución obrigatoria de procedementos en simuladores antes de que os estudantes realicen prácticas en animais. Establecerase un sistema para a recollida de necesidades por parte das materias co fin de implementar o uso de simulacións previas á realización de prácticas en animais vivos. Con fins de acreditación pola EAEVE promoverase a inclusión do uso de simulacións na metodoloxía docente das materias. Indicador: inclusión na programación das materias de actividades en simuladores, necesidades de simulación das materias cubertas. Meta: 80% das actividades en simuladores contempladas nas programacións, 50% das necesidades cubertas.
<b>Datas</b>	Finalización: 30/07/2024 ; Inicio: 01/09/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
<b>Responsables</b>	--
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">GrV-AM-11</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	Con algúns profesores responsables de módulos ou materias, realizáronse diversas estratexias como probas preliminares para aumentar a asistencia ao laboratorio de habilidades clínicas antes da realización dos procedementos

## Grao en Veterinaria

	<p>nos animais vivos e tamén como revisión das habilidades aprendidas en cursos anteriores. Entre as medidas adoptadas para mellorar a formación autónoma que deron mellores resultados está a realización de vídeos polos estudantes que sirvan de guía para os compañeiros, cunha recompensa na calificación da materia implicada (as visitas ao módulo de cirurxía aumentaron de 86 no curso 21-22 a 241 no curso 22-23). Outra estratexia foi requerir que os estudantes traballen os simuladores antes de realizar a práctica en animais (as visitas ao módulo de inseminación artificial e exploración rectal aumentaron de 29 no curso 21-22 a 63 no primeiro semestre do curso 22-23). Do mesmo xeito os estudantes de rotatorio deben visitar o laboratorio e revisar diversas actividades (cuadruplicouse o número total de visitas no 2022-2023 con respecto ao curso anterior). Axustouse a temporalidade destas actividades para que precedan ao traballo cos pacientes e ampliouse o calendario de apertura do laboratorio. No laboratorio de habilidades hai un rexistro de todas as visitas dos estudantes ás simulacións para consulta e seguimento polo profesorado das materias.</p>
Data Comprobación	03/10/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-12 (Curso 2022-2023)</a>
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	En especies grandes non é doado contar con espécimes completos de determinadas rexións anatómicas, especialmente do aparello xenital tanto de macho como de femia. Na colección de modelos que temos desta rexión, só falta a representación do semental equino.
Definición/ descrición proposta	Completar a colección de modelos anatómicos cun modelo de aparello xenital de semental equino. Indicador: modelo anatómico adquirido. Meta: un modelo en exposición.
Datas	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/09/2022
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 29/12/2023
Responsables	--
Comprobación Acción	<a href="#">GrV-AM-12</a>
Descrición Comprobación	Adquisición do modelo feita. Non só será empregado para prácticas das materias de Anatomía Veterinaria I, Anatomía Veterinaria II e Embrioloxía Veterinaria, xa que o resto do tempo pasa a formar parte da exhibición permanente de pezas anatómicas coas que conta o Museo de Anatomía.
Data Comprobación	27/11/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-13 (Curso 2022-2023)</a>
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Os estereomicroscopios dispoñibles no Laboratorio de Botánica, na súa maioría están obsoletos. Iniciouse un plan de renovación gradual do equipamento.
Definición/ descrición proposta	Renovación de estereomicroscopio usado en prácticas. Indicador: estereomicroscopio con iluminación episcópica. Meta: un estereomicroscopio adquirido.
Datas	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/09/2022
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 29/12/2023
Responsables	--
Comprobación Acción	<a href="#">GrV-AM-13</a>
Descrición Comprobación	O estereomicroscopio xa foi adquirido e utilizado en todas as prácticas da parte de Botánica de Ciencias Fundamentais
Data Comprobación	19/12/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--



## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-14 (Curso 2022-2023)</a>
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Parte do material usado para prácticas de Química e Física na materia de Ciencias Fundamentais está desgastado, cómpre ter repostos, que tamén se poden usar na ampliación do número de postos de prácticas.
Definición/ descrición proposta	Renovación de electrodos de pH-metro e conductímetro con agitación magnética utilizados en prácticas. Indicador: adquisición de electrodos e conductímetro con agitación magnética. Meta: tres electrodos, un conductímetro con agitación magnética.
Datas	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/09/2022
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 29/12/2023
Responsables	--
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">GrV-AM-14</a>
Descrición Comprobación	Foron adquiridos e localízanse no material común do laboratorio de prácticas, están funcionando correctamente, e xa foron empregados nas prácticas de Ciencias Fundamentais do primeiro semestre do curso 23-24.
Data Comprobación	19/12/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-15 (Curso 2022-2023)</a>
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 5 - Recursos materiais
<b>Análise causa</b>	O estudiantado recibe formación en diversas materias que é aplicable á podoloxía veterinaria pero non a integran de forma específica na práctica clínica neste campo. Cómpre complementar a formación do estudiantado coa realización de prácticas de podoloxía veterinaria.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Adquisición de material necesario para realización de prácticas de podoloxía en pezas de matadoiro de grandes animais. Indicador: adquisición de material de podoloxía. Meta: 100% do material.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/09/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 29/12/2023
<b>Responsables</b>	--
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">GrV-AM-15</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	Xa está todo en uso dende setembro de 2023. Os estudantes da Clínica Médica Veterinaria II e Rotatorio Clínico Hospitalario xa o usaron nas súas prácticas. No HVU Rof Codina preparáronse mesas equipadas con soportes para fixar adecuadamente pezas de matadoiro co fin de que os alumnos poidan traballar en boas condicións de seguridade, á vez que, ao tratarse de pezas de matadoiro, practicasen para adquirir as destrezas necesarias sen ocasionar ningún tipo de sufrimento aos animais vivos. As materias implicadas son 3: Clínica Médica Veterinaria I e II e Rotatorio Clínico Hospitalario. Ao longo das prácticas de podoloxía, secuencialmente desde Clínica Médica I no 8º semestre até finalizar no Rotatorio Clínico Hospitalario, pretendese integrar os coñecementos adquiridos noutras disciplinas

## Grao en Veterinaria

	<p>complementándoos coa práctica sobre pezas de matadoiro. Nas primeiras prácticas (4 horas en Clínica Médica I) o alumno debe coñecer o material necesario para os traballos podales e familiarizarse co seu uso, practicar as técnicas básicas de exploración, aplicación de vendaxes axeitados para podoloxía, colocación de tacos, etc. e iniciarse no recorte preventivo. No segundo grupo de prácticas (4 horas en Clínica Médica II) os alumnos practicarán o recorte preventivo das pezuñas corruxarán os sobrecrecements e deformacións. Nestas prácticas identificarán as diferentes enfermidades podales e iniciarase no tratamento das mesmas. No terceiro grupo de prácticas (4 horas en Rotatorio Clínico Hospitalario), como obxectivo fundamental, os alumnos tratan as enfermidades podales que presenten as pezas de matadoiro que se seleccionen para a súa práctica. Nesta práctica pretendese que os alumnos realicen os diagnósticos, propoñan de forma razoada o tratamento e posteriormente realicen o tratamento proposto.</p>
Data Comprobación	27/11/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-16 (Curso 2022-2023)</a>
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 5 - Recursos materiais
<b>Análise causa</b>	A formación do estudiantado e a avaliación da aprendizaxe nas prácticas clínicas extramuros pode beneficiarse enormemente do apoio audiovisual para visualización de procedementos na granxa inmediatamente antes da súa realización, para consulta de información ou para resolución de casos clínicos, entre outros.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Apoio audiovisual na realización de prácticas clínicas extramuros. Indicador: adquisición de tablets. Meta: catro tablets adquiridas.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/09/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 29/12/2023
<b>Responsables</b>	--
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">GrV-AM-16</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	As tablets solicitadas para a realización de accións de mellora docentes adquiríronse e empregáronse no presente curso como apoio audiovisual nas visitas a granxas durante as prácticas clínicas. Isto permitiu que os alumnos tivesen dispoñibles de primeira man no campo imaxes, vídeos e recursos interactivos que lles axudasen a comprender mellor os contidos teóricos necesarios para poder levar a cabo os exercicios prácticos así como o explicado en materia de manipulación dos animais, realización de procedementos clínicos e toma de mostras. Tamén se empregaron como soporte de actividades en grupo para a resolución de casos clínicos. Isto axudou a mellorar a calidade da docencia práctica. A mellora aplícase de forma transversal en varias materias da titulación: Enfermidades Infecciosas I;

## Grao en Veterinaria

	Enfermedades Infecciosas II; Enfermedades Parasitarias I; Enfermedades Parasitarias II; Epidemioloxía, Medicina Preventiva e Policía Sanitaria I; Epidemioloxía, Medicina Preventiva e Policía Sanitaria II
Data Comprobación	27/11/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-17 (Curso 2022-2023)</a>
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	A visualización dos procedementos cirúrxicos dende a perspectiva da persoa que está a realizar a intervención é unha técnica formativa necesaria para que os estudantes poidan apreciar con claridade os detalles anatómicos e técnicos.
Definición/ descrición proposta	Apoio audiovisual na realización de prácticas clínicas no quirófano. Indicador: adquisición de televisión. Meta: unha televisión.
Datas	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/09/2022
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 29/12/2023
Responsables	--
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">GrV-AM-17</a>
Descrición Comprobación	Xa foi adquirido O obxectivo é o apoio audiovisual na realización de prácticas clínicas no quirófano nas materias de Anestesia e reanimación veterinarias, Medicina e Cirurxía Clínica Veterinaria 2 e Rotatorio Clínico Hospitalario Xa está en uso. Os estudantes de Anestesia e Reanimación veterinarias e Rotatorio Clínico Hospitalario xa o usaron nas súas prácticas.
Data Comprobación	27/11/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-18 (Curso 2022-2023)</a>
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 5 - Recursos materiais
<b>Análise causa</b>	É necesario manter en bo funcionamento os equipos utilizados para as prácticas das materias de Hixiene e Seguridade Alimentaria, o que esixe a renovación de equipamento obsoleto. Ademais, a realización dunha nova práctica de determinación de hidroximetilfurfural en mel require a adquisición dun espectrofotómetro.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Adquisición de espectrofotómetro e renovación de incubador de convección natural e microscopio óptico para prácticas. Indicador: espectrofotómetro, incubador, microscopio óptico. Meta: un espectrofotómetro, un incubador, un microscopio óptico.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/09/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 29/12/2023
<b>Responsables</b>	--
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">GrV-AM-18</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	Verifícase a existencia dos tres equipos no laboratorio de Prácticas do laboratorio de hixiene, un espectrofotómetro UV, un incubador e máis un microscopio óptico, Os tres equipos foron empregados para as prácticas que se fixeron. O microscopio óptico foi empregado no segundo semestre do curso 22-23 nas de Hixiene I (microscopio óptico) e no primeiro semestre do curso 23-24 tamén en Hixiene Lexislación e Seguridade Alimentaria I de Nutrición Humana). Empregouse o incubador no segundo semestre do curso 22-23 en Hixiene I, e no primeiro semestre do curso 23-24 en prácticas de

## Grao en Veterinaria

	Hixiene III de Veterinaria e o espectrofotómetro UV-vis nas prácticas de Hixiene II tamén de Veterinaria no primeiro semestre do curso 23-24.
Data Comprobación	19/12/2023
Incidencias	Ningunha. Os equipos chegaron pronto, foron instalados de xeito adecuado e postos en funcionamento de seguido.
Axustes/Novas Tarefas	Esperarase unha nova convocatoria para cambiar outro incubador obsoleto do laboratorio de prácticas, xa que son precisas a lo menos dúas temperaturas, unha a 30 °C e outra a 37 °C.



## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-19 (Curso 2022-2023)</a>
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Na actualidade o obradoiro de colocación de placas bloqueadas en ósos faise con tubos de pvc para protección eléctrica. Isto supón un desgaste no material de corte que repercute no custo da práctica. Ademais, o uso de ósos artificiais permitirá unha formación máis axeitada.
Definición/ descrición proposta	Adquisición de impresora 3D para fabricación de modelos de óso para prácticas. Indicador: modelos de óso en impresión 3D. Meta: unha impresora, dous tipos de ósos.
Datas	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/09/2022
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 29/12/2023
Responsables	--
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">GrV-AM-19</a>
Descrición Comprobación	Xa está en uso. Os estudantes Medicina e Cirurxía Clínica 2 e Rotatorio Clínico Hospitalario xa o usaron nas súas prácticas.
Data Comprobación	27/11/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-20 (Curso 2022-2023)</a>
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	A falta de algún equipamento no Laboratorio da Granxa Campus Terra impide a realización de probas diagnósticas rápidas para avanzar no diagnóstico de determinadas doenzas.
Definición/ descrición proposta	Continuar co equipamento do Laboratorio de Prácticas da Granxa Campus Terra: centrífuga (microhematocrito), refractómetro clínico, medidor portátil de lactato, botes e líquidos tinción rápida Diff-Quick. Indicador: adquisición de material. Meta: 100% do material.
Datas	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/09/2022
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 29/12/2023
Responsables	--
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">GrV-AM-20</a>
Descrición Comprobación	Xa está todo en uso dende setembro de 2023. Os estudantes da Clínica Médica Veterinaria II xa o usaron nas súas prácticas. Ter este material básico no laboratorio da granxa permite que o alumnado poda avanzar no diagnóstico de determinadas doenzas que poden sufrir os animais a "pie de vaca". Por outra banda o alumnado é o encargado de facer todo este tipo de probas mellorando así o aprendizaxe e a capacidade de resolución de problemas.
Data Comprobación	27/11/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-21 (Curso 2022-2023)</a>
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 5 - Recursos materiais
<b>Análise causa</b>	Coa dispoñibilidade actual de simuladores de cirurxía laparoscópica os estudantes teñen que compartir o tempo de uso cun compañeiro. Cómpre ampliar o número de simuladores para poder duplicar o tempo de formación dos estudantes nestas técnicas.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Aumentar a dotación de simuladores de cirurxía laparoscópica. Indicador: simuladores de cirurxía laparoscópica. Meta: catro simuladores.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/09/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 29/12/2023
<b>Responsables</b>	--
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">GrV-AM-21</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	Adquiríronse 4 novos simuladores. Na actualidade dispónse de 8 postos de traballo individuais (un alumno por simulador). A FVL aportou 4 PC e 4 pantallas (monitores) reciclados, así como 4 teclados e 4 ratos novos. O equipamento solicitado está completo, polo que neste novembro do 2023 xa estamos a realizar a práctica completa de cirurxía laparoscópica. Os estudantes da materia de Medicina e Cirurxía Clínica 2, así como os do Rotatorio Clínico Hospitalario xa o usaron nas súas prácticas.
<b>Data Comprobación</b>	27/11/2023
<b>Incidencias</b>	--
<b>Axustes/Novas Tarefas</b>	--

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-22 (Curso 2022-2023)</a>
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 5 - Recursos materiais
<b>Análise causa</b>	Para a realización das prácticas de análise toxicolóxica cualitativa é necesario desprazarse a outro pavillón para a execución durante a práctica de parte do procedemento. Cómpre ter o equipamento necesario no Laboratorio de Toxicoloxía para un mellor aproveitamento do tempo da práctica polos estudantes.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Adquisición de baño de calor seco e lámpada ultravioleta para prácticas. Indicador: baño de calor seco, lámpara ultravioleta. Meta: unha unidade de cada.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/09/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 29/12/2023
<b>Responsables</b>	--
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">GrV-AM-22</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	Xa foron adquiridos e empregados para as prácticas de Toxicoloxía Veterinaria, un baño de calor seco e unha lámpara ultravioleta, para a práctica de análise cualitativa para a evaporación do disolvente, tamén a posterior identificación mediante cromatografía de capa fina con identificación dos compostos empregando a lámpara Ultravioleta.
<b>Data Comprobación</b>	19/12/2023
<b>Incidencias</b>	Houbo que realizar una mellora na instalación da campana extractora do laboratorio para a realización desta práctica.
<b>Axustes/Novas Tarefas</b>	--

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-23 (Curso 2022-2023)</a>
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	A observación é unha ferramenta clave na identificación e localización das enfermidades que afectan ao sistema nervioso. A mellora nesta competencia conséguese coa valoración de moitos pacientes, algo que non se pode abarcar dentro das horas asignadas a esta materia. O obxectivo desta acción é facilitar aos estudantes a posibilidade de ter acceso a vídeos da exploración de casos de pacientes reais coas enfermidades máis frecuentes que afectan ás principais rexións do sistema nervioso.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Creación dunha canle de vídeos de neuroloxía na aplicación Stream de Microsoft 365. Indicador: canle de vídeos en Stream, número de vídeos. Meta: unha canle, 25 vídeos.
<b>Datas</b>	Finalización: 31/07/2023 ; Inicio: 01/09/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 29/12/2023
<b>Responsables</b>	--
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">GrV-AM-23</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	Xa está en uso na materia de Clínica Médica I Os alumnos dispon dos vídeos de casos reais, con información sobre a anamnese e motivo de consulta, onde poderán revisar o exame neurolóxico completo e identificar as principais alteracións que se poden valorar na observación destes pacientes (estado mental, marcha e postura) así como no exame coas mans. Utilízase principalmente nas clases expositivas, práctica de encerado e sesión clínica do bloque de neuroloxía, onde se completarán algúns dos casos coas probas diagnósticas e tratamento que corresponden a esta parte do temario. Tamén

## Grao en Veterinaria

	constitúe un apoio as prácticas clínicas para repasar casos similares e aqueles que non tiveron ocasión de presenciar durante ditas prácticas
Data Comprobación	27/11/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-24 (Curso 2022-2023)</a>
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Detectouse a necesidade, durante as valoracións semestrais, de creación dunha práctica, en substitución doutra, para unha maior implicación e interese dos estudantes durante a formación en mellora xenética, non só no traballo informático, tamén na detección de posibles opcións de mellora con mostras reais de restos dunha incubadora.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Deseño dunha práctica de mellora xenética en avicultura. Indicador: práctica na programación docente. Meta: unha práctica substituída.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/09/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 29/12/2023
<b>Responsables</b>	--
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">GrV-AM-24</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	A práctica 3 da materia Cría e Saúde Animal (CSA LB3) sobre "Programas de acoplamento. Utilización de ferramentas informáticas en mellora xenética" foi substituída por outra práctica: "Mellora xenética en avicultura. 4h. Aula de informática e Laboratorio da Área de Producción Animal" Diseñouse unha práctica de mellora xenética en avicultura, cunha primeira parte onde os alumnos traballan cun programa informático que permite traballar os xenes da cor da plumaxe entre outros caracteres morfolóxicos da galiña ( <a href="http://kippenjungle.nl/chickencalculator.html">http://kippenjungle.nl/chickencalculator.html</a> ), de tal xeito que eles mesmos poden realizar os cruzamentos que se realizan habitualmente na industria avícola, así como outros, de maior interese nos produtores que acoden a concursos morfolóxicos. A continuación os alumnos traballan no laboratorio

## Grao en Veterinaria

	con restos de incubadora (cascas de ovos eclosionados e ovos que non chegaron a eclosionar), Realizan un estudo de caso, no que teñen que analizar os restos de incubadora co fin de observar se existe algunha posible opción de mellora á hora de seleccionar os ovos para incubación (identificación de ovos de baixa incubabilidade) ou mellora nas condicións de incubación. Ao remate da práctica teñen que entregar un informe ao gandeiro.
Data Comprobación	29/12/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--



## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-25 (Curso 2022-2023)</a>
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Os estudantes solicitan que se lles proporcione material didáctico que lles axude na súa formación.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Elaboración de unidades didácticas sobre experimentación animal e avaliación toxicolóxica. Indicador: unidades didácticas dispoñibles para os alumnos. Meta: dúas unidades didácticas.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/09/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 29/12/2023
<b>Responsables</b>	--
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">GrV-AM-25</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	<p>Foron elaboradas as unidades didácticas para Veterinaria sobre experimentación animal para Ética e Bioética e Lexislación Veterinaria e tamén de avaliación toxicolóxica para a Materia Toxicoloxía Veterinaria. Están publicadas polo servizo de publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. Unidade didáctica 17: Experimentación animal: DOI: <a href="https://dx.doi.org/10.15304/9788419155160">https://dx.doi.org/10.15304/9788419155160</a> As actividades docentes donde se vai utilizar principalmente son: Clases expositivas da parte de Bioética e Lexislación Veterinaria: “Experimentación Animal: Principios xerais, aspectos éticos e legais” (1 h), e Clase práctica interactiva: Métodos alternativos en experimentación animal. Técnicas básicas “in vivo” e “in vitro”. (Ética LB) (4 h)</p> <p>Unidade didáctica 2: Avaliacion toxicologica: DOI: <a href="https://dx.doi.org/10.15304/9788419155535">https://dx.doi.org/10.15304/9788419155535</a> As actividades docentes donde se vai utilizar principalmente son: Clases expositivas da Toxicoloxía Xeral do</p>

## Grao en Veterinaria

	programa: Avaliación toxicolóxica (2 h), e Clase práctica interactiva de ordenador: Avaliación toxicolóxica experimental. Animalario e determinación da DL50 en ensaios de toxicidade aguda. (Toxicología OR) (4 h)
Data Comprobación	29/12/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	Se prevé a realización de novas unidades didácticas.

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-26 (Curso 2022-2023)</a>
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Necesidade de aumentar as horas de prácticas extramuros de seguridade alimentaria.
Definición/ descrición proposta	Incrementar as horas de prácticas extramuros relacionadas coa inspección da seguridade alimentaria en puntos de venda. Indicador: práctica na programación docente. Meta: aumento de dúas horas de prácticas extramuros de inspección en puntos de venda.
Datas	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/09/2022
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 29/12/2023
Responsables	--
Comprobación Acción	<a href="#">GrV-AM-26</a>
Descrición Comprobación	Foron realizadas as prácticas extra muros en puntos de venda dentro da materia Hixiene I no segundo semestre do curso 22-23, para elo contouse con convenios con Gadisa, Eroski, e Froiz, e fixéronse en grupos de 10 alumnos un total de 9 grupos para o cal foron feitas tres visitas a cada un dos supermercados de xeito alterno. Os alumnos desprazáronse a pé, por estar todos os centros visualizados a menos de 15 minutos da facultade.
Data Comprobación	29/12/2023
Incidencias	Ningunha, os alumnos encheron un cuestionario sobre diversos aspectos a ter en conta na inspección en puntos de venda, e finalizouse cun debate/traballo no laboratorio.

## Grao en Veterinaria

Axustes/Novas Tarefas	Ningunha polo momento, as xerencias dos supermercados quedaron contentos coa experiencia, sobre todo o feito de coexistir a docencia coa actividade comercial dos supermercados.
-----------------------	--

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-27 (Curso 2022-2023)</a>
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	É necesario que os nosos estudantes adquiran coñecementos e habilidades no uso do electrobisturí.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Ampliar a formación en técnicas cirúrxicas mediante o uso de electrobisturí durante as prácticas. Indicador: contido da práctica. Meta: 30 minutos dedicados a manexo de electrobisturí.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/09/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 29/12/2023
<b>Responsables</b>	--
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">GrV-AM-27</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	Na materia de Medicina e Cirurxía Clínica Veterinaria I púxose en marcha unha nova práctica no curso 2022-23, trala compra dunha unidade de electrocirugía veterinaria (2022), onde se emprega unha peza anatómica (pata de porco) para que cada alumno practique as distintas modalidades de uso: corte, fulguración e coagulación con electrobisturí en modo monopolar e bipolar en diferentes tecidos (vasos sanguíneos, pel, graxa subcutánea, fascias e músculos). Nota: Na mesma sesión práctica (duración de 5 horas), a peza anatómica tamén se emprega para realizar, co instrumental convencional, incisiones cutáneas, disección de tecidos brandos, ligaduras de vasos, diferentes patróns de suturas e colocación de dispositivos de drenaxe. Cada alumno dispón de máis de 30 minutos de uso individual e exclusivo do electrobisturí, xa que se van rotando ao longo da mañá mentres os seus compañeiros están a realizar outro tipo de actividade cirúrxica. A práctica tivo

## Grao en Veterinaria

	un gran éxito de aceptación, interés e participación por parte do alumnado. Esta actividade docente queda incorporada ás prácticas da materia.
Data Comprobación	29/12/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	Neste momento emprégase nas prácticas clínicas da materia, pero está dispoñible por si se quere usar nas materias de Medicina e Cirurxía Clínica Veterinaria II e Rotatorio Hospitalario

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-28 (Curso 2022-2023)</a>
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Considérase necesario conseguir transmitir ao alumnado os coñecementos sobre a dinámica de traballo na realización das análises toxicolóxicas, consistente na realización dunha análise cualitativa, seguida da análise cuantitativa, cando esta é requirida, o cal se pretende realizar de forma máis eficiente durante as prácticas nas que ademais executan dúas metodoloxías para a identificación de dous grupos de tóxicos específicos (previamente, análise para a identificación de herbicidas bipiridílicos e para a identificación de amatoxinas en setas).
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Modificación de prácticas de análises toxicolóxicas coa execución de dúas metodoloxías e estudo clínico de casos. Indicador: prácticas de análises toxicolóxicas na programación docente. Meta: modificación da impartición de dúas prácticas.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/09/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 29/12/2023
<b>Responsables</b>	--
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">GrV-AM-28</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	Levou a cabo a modificación de dúas prácticas incluídas no programa da materia (LB2 e C2). Pretendeuse con elo, mais que amosar dúas metodoloxías para a identificación de dous grupos de tóxicos específicos (previamente, análise para a identificación de herbicidas bipiridílicos e para a identificación de amatoxinas en setas), transmitir ó alumnado os coñecementos sobre a dinámica de traballo na realización das análises

## Grao en Veterinaria

	<p>toxicolóxicas, consistente na realización dunha análise cualitativa, seguida da análise cuantitativa, cando esta é requirida. LB2. A práctica de laboratorio que, previamente, consistía en identificar herbicidas bipiridílicos en mostras de ouriños, foi modificada, de forma que, actualmente, trata de amosar ós alumnos en que consiste una análise toxicolóxica cualitativa e en que dúas modalidades se pode requirir esta análise (análise cualitativa de descoñecidos ou análise cualitativa dirixida) C2. A práctica de laboratorio consistente na identificación de amatoxinas se intercambiou por unha práctica clínica non asistencial coa que se pretende transmitir ó alumnado a repercusión toxicolóxica do uso de paracetamol en pequenos animais (contraindicado en gatos pola alta toxicidade nesta especie), para o que os alumnos teñen que buscar información para dar resposta as preguntas que lles propoñemos, e que logo poñemos en común. Ademais, este mesmo composto se emprega como exemplo para explicarles teoricamente e que poñan en práctica a realización dunha análise toxicolóxica cuantitativa a través da determinación de paracetamol mediante unha reacción colorimétrica e cuantificación por espectrofotometría na rexión visible. Para a primeira empregouse o material descrito na acción de mellora GrV-AM-22, coa análise cualitativa de compostos, e posteriormente o análise cromatográfico de compostos concretos, nos que se atopan os herbicidas bipiridílicos, e a identificación de amatoxinas en setas. Deste xeito considerase mais adecuado como continuidade da análise cualitativa feita como consecuencia das adquisicións sinaladas en GrV-AM-22 seguida de análise cuantitativa, no que tamén foron empregados dous grupos de compostos.</p>
Data Comprobación	29/12/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--



## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-29 (Curso 2022-2023)</a>
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Necesidade de desenvolvemento de habilidades comunicativas en galego por parte dos nosos estudantes.
Definición/ descrición proposta	Premios á calidade lingüística Escolle en galego. Indicador: concesión e entrega de premios. Meta: catro premios entregados.
Datas	Finalización: 30/11/2023 ; Inicio: 01/09/2022
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 30/11/2023
Responsables	--
Comprobación Acción	<a href="#">GrV-AM-29</a>
Descrición Comprobación	O 15 de novembro de 2023 reuniuse o xurado para outorgar os premios convocados pola facultade aos mellores traballos académicos (Escolle en Galego) e TFG (O teu traballo ten premio) feitos en galego polos estudantes do Grao en Veterinaria
Data Comprobación	30/11/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa 1	<a href="#">GrV-AM-29.01</a>
Descrición tarefa	Dous premios "O teu traballo ten premio" á calidade lingüística dos TFG redactados e defendidos en lingua galega como unha forma de promover entre o alumnado o emprego deste idioma na redacción de documentos técnicos e profesionais e fomentar a adquisición de competencias creando espazos en que estas se poidan poñer en práctica.

## Grao en Veterinaria

Data prevista de finalización	30/11/2023
Responsable	--
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	<a href="#">GrV-AM-29.01 Comprobación N° 1</a>
Descrición Comprobación	O teu traballo ten premio. A este premio convocado pola Facultade presentáronse 3 traballos pertencentes ao curso 2022-2023. O 15 de novembro reuniuse o xurado, o cal outorgou un primeiro premio dotado con 250 € e un segundo premio de 125 €.
Data Comprobación	30/11/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa 2	<a href="#">GrV-AM-29.02</a>
Descrición tarefa	Convocatoria de dous Premios Escolle en Galego para premiar a calidade formal e lingüística dos mellores traballos académicos (traballos de clase, memorias de prácticas, cadernos de actividades ...) elaborados en lingua galega por parte do alumnado da Facultade.
Data prevista de finalización	30/11/2023
Responsable	--
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	<a href="#">GrV-AM-29.02 Comprobación N° 1</a>
Descrición Comprobación	Premios Escolle en Galego. A este premio convocado pola facultade presentáronse 9 traballos. O xurado reunido o 15 de novembro seleccionou 2 traballos dotados con 100 € para o 1º premio e 75 € para o 2º premio.
Data Comprobación	30/11/2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

# Grao en Veterinaria

## 5.2. Accións de mellora abertas durante o curso 2023-24

<b>Obxectivo a conseguir:</b> Difusión da profesión veterinaria e da titulación aos grupos de interese, futuros estudantes e á sociedade en xeral			
<b>Responsable do obxectivo:</b> Vicedecano de Ordenación Académica		<b>Data inicio:</b> 1/2/2024	<b>Data fin:</b> 30/12/2025
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	2.2. ORIENTACIÓN E COMUNICACIÓN COS ALUMNOS 4.1. AMPLIAR A ESTRATEXIA DE COMUNICACIÓN DA FACULTADE		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PC-01, PS-06		
<b>Indicador/es de medición</b>	Número de charlas temáticas Documento coa nova estratexia de comunicación en Instagram Vídeo	<b>Meta a conseguir</b>	2 charlas 1 documento 1 vídeo
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	GrV-AM-01 (Curso 2023-2024), GrV-AM-02 (Curso 2023-2024), GrV-AM-03 (Curso 2023-2024)		

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-01 (Curso 2023-2024)</a>
<b>Orixe</b>	Proposta de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 – Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Descoñecemento por parte do alumnado de secundaria e da sociedade en xeral das saídas profesionais dos Veterinarios e a súa implicación na saúde humana, animal e medioambiental (OneHealth).
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Promover a participación do profesorado nas charlas temáticas do Programa A Ponte cunha orientación a visibilizar saídas profesionais diversas dos veterinarios que poda influir no perfil de novos estudantes.  Indicador: Número de charlas temáticas orientadas a visibilizar a profesión no programa A Ponte.  Meta: 2 charlas
<b>Datas</b>	Inicio: 01/05/2024, Finalización: 31/12/2025

## Grao en Veterinaria

Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	Vicedecano Ordenación Académica/ Vicedecana de prácticas externas, relación institucionais e mobilidade

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-02 (Curso 2023-2024)</a>
<b>Orixe</b>	Proposta de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 2 – Información e transparencia
<b>Análise causa</b>	A conta do centro na rede social de Instagram non ten un deseño adaptado á forma en que os xoves consultan esta rede social, o cal reduce o seguimento das novas polos nosos estudantes e outros grupos de interese.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Revisar a estratexia de comunicación da conta de Instagram da Facultade de Veterinaria co apoio dos estudantes para acadar un modelo mellor adaptado ao noso alumnado e outros grupos de interese.  Indicador: Documento que recolle a nova estratexia.  Meta: 1 documento
<b>Datas</b>	Inicio: 01/05/2024, Finalización: 31/12/2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	Vicedecana de Prácticas Externas, Relacións Exteriores e Mobilidade

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-03 (Curso 2023-2024)</a>
<b>Orixe</b>	Proposta de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 2 – Información e transparencia
<b>Análise causa</b>	O vídeo producido hai dous anos está desactualizado, xa que non inclúe cambios importantes que se realizaron recentemente no grao. Ademais ten unha orientación informativa sobre o grao e o noso centro desde unha perspectiva académica. Cómpre elaborar un vídeo que proporcione unha visión desde unha perspectiva externa e actualizada.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Produción dun vídeo de promoción do Grao en Veterinaria con información actualizada e cunha perspectiva externa á facultade para utilizalo nos medios de difusión audiovisuais como reclamo para novos estudantes e publicidade en xeral.  Indicador: Novo vídeo. Meta: 1 vídeo
<b>Datas</b>	Inicio: 01/02/2024, Finalización: 31/12/2024 ;
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
<b>Responsables</b>	Vicedecano Ordenación Académica

Obxectivo a conseguir: Innovación docente e mantemento dos recursos para a docencia			
Responsable do obxectivo: Decano		Data inicio:1/2/2024	Data fin: 30/12/2025
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	2.5 MELLORA DA CALIDADE E INNOVACIÓN DOCENTE NO CENTRO		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PC-02, PC-04, PS-02		
<b>Indicador/es de medición</b>	Número de adquisicións de equipamento executadas Número de actividades implementadas Número de casos	<b>Meta a conseguir</b>	80 % das adquisicións executadas 80 % das actividades propostas Incremento do 20% do número de casos
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	GrV-AM-04 (Curso 2023-2024), GrV-AM-05 (Curso 2023-2024), GrV-AM-06 (Curso 2023-2024)		

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-04 (Curso 2023-2024)</a>
<b>Orixe</b>	Proposta de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 5 – Recursos materiais e servizos
<b>Análise causa</b>	A adecuada funcionalidade e mantemento dos recursos materiais e servizos require unha renovación periódica dos equipos e adquisición de novos instrumentos para garantir a calidade da docencia e relevancia para a actualidade da profesión.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Manter unha renovación e adquisición de recursos materiais para garantir a funcionalidade e actualización dos mesmos. Cada ano solicítase ás materias que manden unha proposta xustificada de renovación ou adquisición de novo equipamento para actividades docentes concretas.  Indicador: Número de adquisicións de equipamento executadas.  Meta: 80 % das solicitudes
<b>Datas</b>	Finalización: 31/12/2024 ; Inicio: 01/05/2024
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
<b>Responsables</b>	Decano
<b>Tarefas a realizar</b>	<p><u>Tarefa 1.</u> Adquisición de Mesa de exploración con lámpada de recoñecemento en hospitalización y UCI. <u>Materias:</u> Clín. Méd. Vet. I, Clín. Méd. Vet. II, Rotatorio Clínico Hospitalario, Anestesia e Reanimación en Veterinaria.</p> <p><u>Tarefa 2.</u> Adquisición de equipamento e materiais necesarios para controis de presenza de inhibidores de crecemento microbiano nos alimentos (Comet 8 COMPLETE, Ref. ZE/COM8/CTE; Patróns de referencia: Controis Positivos, Ref: ZE/PG5, ZE/SULFA5, ZE/OXITETRAS) <u>Materias:</u> Hixiene I, Hixiene III</p> <p><u>Tarefa 3.</u> Adquisición de incubador de convección natural ICN 200. <u>Materias:</u> Hixiene I, Hixiene III</p>

## Grao en Veterinaria

<p>Tarefa 4. Adquisición de bomba peristáltica dispensadora dixital, embudidora manual de mesa e envasadora ao baleiro. Materias: Hixiene II</p>
<p>Tarefa 5. Adquisición de cubeta de electroforese para proteínas Materias: Bioquímica, Integración do Metabolismo, TFG</p>
<p>Tarefa 6. Adquisición de proxector portátil Materias: DPI</p>
<p>Tarefa 7. Adquisición de 3 ordenadores portátiles e un ordenador de sobremesa (CPU) Materias: Farmacoloxía e Farmacia, Farmacoterapia Veterinaria, Plantas e Fungos Tóxicos e Medicinais An., Aspectos Básicos e Clínicos da Lactación</p>
<p>Tarefa 8. Adquisición de ecógrafo portátil con función Doppler episcópica Materias: Reprodución e Obstetricia Vet. II, Tecnoloxía da Reprodución Animal</p>
<p>Tarefa 9. Adquisición de estereomicroscopio SZ51 con iluminación Materias: Ciencias Fundamentais</p>
<p>Tarefa 10. Adquisición de balanza analítica KERN® (modelo: ABS 80-4N) Materias: Ciencias Fundamentais</p>
<p>Tarefa 11. Adquisición de proxector e pantalla de parede Materias: Enfermidades Infecciosas I</p>
<p>Tarefa 12. Adquisición de equipamento e instrumental de odontoloxía básica (sindesmotos, forceps, desperiostizadores, motores dentais básicos) Materias: Med. Cirux. Clín. Vet. I, Med. Cirux. Clín. Vet. II, Rotatorio Clínico Hospitalario.</p>
<p>Tarefa 13. Adquisición de mesa de fotografía con iluminación Kaiser e cámara de fotografía Tough TG-7 lavable e a proba de golpes, con adaptador para a realización de imaxes macro Materias: APXV, APEV I, APEV II, Oncoloxía Clín. Vet., Rotatorio Clínico Hospitalario.</p>
<p>Tarefa 14. Adquisición de cámara para microscopio óptico Materias: Enf. parasitarias I, Enf. parasitarias II, Estancias Clínicas, Estancias Non Clínicas</p>

## Grao en Veterinaria

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-05 (Curso 2023-2024)</a>
<b>Orixe</b>	Proposta de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 – Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	A innovación docente e adaptación a realidade da profesión nas materias é fundamental para o mantemento da calidade da docencia.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	<p>Manter a calidade da docencia mediante a innovación continua e a adaptación da docencia con novas actividades que melloren a aprendizaxe dos estudantes. Cada ano solicítase ás materias que manden un informe das actividades de innovación ou outras melloras implantadas por primeira vez nese curso.</p> <p>Indicador: Número de actividades implementadas.</p> <p>Meta: 80 % das actividades propostas</p>
<b>Datas</b>	Finalización: 31/12/2024 ; Inicio: 01/05/2024
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
<b>Responsables</b>	Decano
<b>Tarefas a realizar</b>	<p>Tarefa 1. Elaboración dunha unidade didáctica sobre a ecografía abdominal equina comparando a imaxe de normalidade así como as patolóxicas en caso de cólico abdominal agudo. Materia: Diagnóstico por imaxe</p> <p>Tarefa 2. Realización dun obradoiro de 3 horas sobre ecografía abdominal nun equino. Materia: Rotatorio Clínico Hospitalario</p> <p>Tarefa 3. Elaboración dunha presentación interactiva tipo infografía con Genially sobre ecografía abdominal en equinos con acceso dende o campus virtual como apoio á docencia expositiva e práctica.</p> <p>Tarefa 4. Elaboración dunha unidade didáctica sobre Intoxicación por Nitratos e Nitritos, como material didáctico de apoio á docencia Materia: Ecotoxicoloxía</p>



## Grao en Veterinaria

	<p>Tarefa 5. Elaboración dunha rúbrica para cualificar a actividade de prescrición dun medicamento e xustificación da terapia farmacolóxica en casos hospitalizados. Materia: Farmacoterapia Veterinaria</p>
	<p>Tarefa 6. Organizar unha actividade formativa voluntaria a desenvolver por grupos de 3 estudantes que consiste na creación de vídeos descritivos con finalidade docente sobre unha técnica cirúrxica. Estes vídeos serán utilizados no laboratorio de habilidades clínicas e na materia como apoio á docencia. Materia: Medicina e Cirurxía Clínica Veterinaria I.</p>

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-06 (Curso 2023-2024)</a>
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 6 – Resultados de aprendizaxe
<b>Análise causa</b>	Necesidade de reforzar a casuística e o número de necropsias en equino y porcino.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Aumentar o número de casos e necropsias de équidos e porcino para reforzar os indicadores da EAEVE nestas especies. Indicador: número de casos de equino, número de casos de porcino, número de necropsias de equino, número de necropsias de porcino Meta: aumento del 20%
<b>Datas</b>	Finalización: 29/12/2025 ; Inicio: 01/04/2024
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa ; Eficacia : - ; Data Estado: -
<b>Responsables</b>	Decano

## Grao en Veterinaria

Obxectivo a conseguir: Realizar unha titorización de estudantes interesados en campos concretos do exercicio profesional veterinario			
Responsable do obxectivo: Decano		Data inicio: 1/2/2024	Data fin: 30/12/2025
Obxectivo estratéxico relacionado	2.2. ORIENTACIÓN E COMUNICACIÓN COS ALUMNOS 4.2. ACERCAR A REALIDADE PROFESIONAL Á FACULTADE		
Procesos clave relacionados	PC-01, PC-02, PC-03, PC-04		
Indicador/es de medición	Actividades formativas/aula Número de estudantes/aula Acordos de actividades formativas específicas	Meta a conseguir	2 actividades/ aula /ano 5 estudantes /aula /ano 50% dos paquetes
Accións de mellora relacionadas (Código)	GrV-AM-07, GrV-AM-08		

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-07 (Curso 2023-2024)</a>
Orixe	Proposta de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 5 – Recursos materiais e servizos
Análise causa	Como se reflicte na enquisa propia, feita na sesión de benvida, relativa ao perfil de ingreso detectase pouca orientación dos estudantes cara a determinadas saídas profesionais, precisamente nas cales existen carencias na dispoñibilidade de recen graduados que opten por ditas saídas profesionais.
Definición/ descrición proposta	Posta en marcha da “Aula de porcino” e da “Aula de ruminantes” nas que os estudantes realizan actividades formativas con profesionais do sector (congresos, cursos, visitas...), como unha ferramenta para fomentar a formación extracurricular específica do alumnado con interese neste campo e proporcionar un contacto directo con profesionais destes sectores.  Indicador: Actividades formativas/aula, número de estudantes/aula  Metas: 2 actividades/ aula/ano, 5 estudantes/aula/ano
Datas	Inicio: 01/09/2023. Finalización: 31/12/2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --

## Grao en Veterinaria

Responsables	Decano
--------------	--------

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	<a href="#">GrV-AM-08 (Curso 2023-2024)</a>
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Considérase crítico proporcionar aos nosos estudantes a oportunidade de acadar formación máis especializada en determinados sectores con maior oferta laboral fomentando estancias máis prolongadas en empresas, e incrementando a interacción do estudante e do titor profesional ao combinar a realización do TFG con prácticas externas. Continuación de GrV-AM-05/21-22 e de GrV-AM-04/22-23.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Reforzar e optimizar o programa de paquetes formativos Estancias-TFGs que ten como finalidade fomentar a formación práctica do alumnado de veterinaria no seu último curso en aquelas áreas estratéxicas (itinerarios) que teñen maior oferta laboral e que presentan dificultades para a contratación de persoal cualificado. Preténdese reforzar as relacións coas entidades colaboradoras (empresas, cooperativas, centros, asociacións, administracións...) e conseguir unha maior implicación destas no deseño das actividades formativas, do seu seguimento e da súa avaliación. Indicador: acordos de actividades formativas/temática. Meta: 50% dos paquetes
<b>Datas</b>	Finalización: 29/12/2025 ; Inicio: 01/04/2024
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : - ; Data Estado: -
<b>Responsables</b>	Vicedecana de Prácticas Externas, Relacións Exteriores e Mobilidade